O que se fai público para xeral coñecemento por un prazo de VINTE (20) DÍAS, contados a partir do seguinte día á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia do presente anuncio, co fin de que os que se consideren prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Cambados e nas oficinas da Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, sitas na rúa San Salvador, nº 2 - 4º, en Vigo, onde se encontra exposto o expediente para que poida ser examinado por quen o desexe.

Vigo, 11 de xuño de 2013.—O xefe de área de autorizacións e concesións, Alberto Bosquet Herreros.

**2013005741**

**INFORMACIÓN PÚBLICA - ANUNCIO**  
**EXPEDIENTE DE CLAVE: DH.W36.17636**

*D<sup>a</sup> Carmen Pintos Cancela, con DNI 76866202H, con enderezo en r/ Concepción Arenal, 9-2º A en Vilagarcía de Arousa de conformidade co artigo 78/126 do Regulamento de dominio público hidráulico, solicita autorización para legalización de recheo, nivelación de parcelas e construción de muro de contención.*

As obras solicitadas consisten no recheo de parcela con material axeitado, terra e pedras, nunha superficie de 2.500 m<sup>2</sup>, e volume aproximado de 950 m<sup>3</sup> cunha altura media e máxima de 0,40 e 0,80 cm a unha distancia mínima de 5 m do dominio público hidráulico, e construción de muro de contención de terras fóra do dominio público hidráulico, en tres treitos con lonxitude total de 120 m e altura media de 70 cm, na parcela 10292 do polígono 324, do lugar de Paiendes, parroquia de San Vicente de Nogueira, Meis (Pontevedra).

O que se fai público para xeral coñecemento por un prazo de VINTE (20) DÍAS, contados a partir do seguinte día á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia do presente anuncio, co fin de que os que se consideren prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Meis e nas oficinas do Organismo Autónomo Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, sitas na rúa San Salvador, nº 2 - 4º, en Vigo, onde se encontra exposto o expediente para que poida ser examinado por quen o desexe.

Vigo, 6 de xuño de 2013.—O xefe de área de autorizacións e concesións, Alberto Bosquet Herreros.

**2013005586**

## **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

*XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA*

*Resolución do 5 de xuño de 2013 da Xefatura Territorial de Pontevedra pola que se autoriza e aproba o proxecto de execución das instalacións eléctricas que se describen no concello de VIGO (expediente IN407A 2013/52-4).*

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución das instalacións eléctricas que a continuación se describen:

- Solicitante: UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA.
- Enderezo Social: TRAVESÍA DE VIGO Nº 204, 36207 VIGO.
- Denominación: LMTS, CS PRAZA DA ESTACIÓN.
- Situación: VIGO.
- Descricións Técnicas: LMT SUBTERRÁNEA A 15 KV CON CONDUCTOR TIPO RHZ DE 133 METROS DE LONXITUDE, CON ORIXE E FINAL NA LMTS TRO702, ENTRE OS CCTT 36C861 E 36SSK6, UNHA VEZ ENTRE E SAIA DO CS PROXECTADO.- CENTRO DE SECCIONAMENTO CON CELAS COMPACTAS CON CORTE EN SF6, SITUADO NA PRAZA DA ESTACIÓN, VIGO.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997 do 27 de novembro, do Sector Eléctrico e no Capítulo II, Título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, esta xefatura territorial

### **R E S O L V E :**

Autorizar e aprobar o proxecto de execución das devanditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no mesmo e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación, e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente.

Esta autorización outórgase sen prexuízo de terceiros e independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha da instalación, de acordo co art. 131 del R. D. 1955/2000, será de 12 meses a partir da recepción da presente resolución. A efectos da posible solicitude de prórroga, o petionario deberá ter en conta o disposto no Capítulo IV do D. 1775/67 del 22 de xullo.

Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de alzada ante o Sr. Conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes contado a partir de día seguinte ó da notificación desta resolución; tamén poderá interpoñer calquera outro recurso que estime pertinente ó seu dereito.

Pontevedra, 5 de xuño de 2013.—O xefe territorial, Ignacio Rial Santomé.

**2013005907**

*Resolución do 5 de xuño de 2013 da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización das instalacións eléctricas que se describen no concello de O GROVE. (expediente IN407A 2013/120-4).*

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización das instalacións eléctricas que se describen:

- Solicitante: UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA.
- Enderezo Social: TRAVESÍA DE VIGO 204, 36207 VIGO.
- Denominación: LMTS LIÑA CERO VILALONGA-GROVE FASE III.
- Situación: O GROVE.
- Descricións Técnicas:

LMT SUBTERRÁNEA A 20 KV CON CONDUCTOR TIPO RHZ1 EN 5 TRAMOS:

- LIÑA CERO VILALONGA-GROVE FASE III: LONXITUDE: 1.660 METROS; ORIXE: LMTS ENTRE SUBESTACIÓN VILALONGA E CT A GRAÑA; FINAL: CT EDF. TORRE.
- LONXITUDE: 72 METROS; ORIXE: LMTS ENTRE OS CCTT EDF. BARQUEIRAS E LUIS CASAIS; FINAL: LMTS ENTRE OS CCTT O MARIÑO E JAIME SOLA.
- LONXITUDE: 72 METROS; ORIXE: LMTS ENTRE OS CCTT O MARIÑO E R/ HOSPITAL O GROVE; FINAL: LMTS ENTRE OS CCTT EDF. BARQUEIRAS E LUIS CASAIS.
- LONXITUDE: 145 METROS; ORIXE: CT R/ HOSPITAL O GROVE; FINAL: CT JAIME SOLA.
- LONXITUDE: 87 METROS; ORIXE: LMTS ENTRE OS CCTT LUIS A. MESTRE E EDF. TORRE; FINAL: CT EDF. TORRE.

A INSTALACIÓN ESTÁ SITUADA NA ZONA DE SAN MARTIÑO, O GROVE.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións nesta xefatura territorial, Ed. Administrativo Avda. Fernández Ladreda 43, 5º, no prazo de vinte días. Así mesmo, e durante o mencionado prazo, tamén se poderá examinar o proxecto da instalación.

Pontevedra, 5 de xuño de 2013.—O xefe territorial, Ignacio Rial Santomé.

**2013005908**

*Resolución do 4 de xuño de 2013 da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización das instalacións eléctricas que se describen no concello de FORCAREI. (expediente IN407A 2013/124-4).*

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización das instalacións eléctricas que se describen:

- Solicitante: UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA.
- Enderezo Social: TRAVESÍA DE VIGO 204, 36207 VIGO.
- Denominación: PASO DE CASETA A AÉREO DO CT REBOREDO.
- Situación: FORCAREI.
- Descricións Técnicas: LMT AÉREA A 20 KV CON CONDUCTOR TIPO LA-30 DE 19 METROS DE LONXITUDE, CON ORIXE NO APOIO HV 11/1000 DA LMT AO CT REBOREDO E FINAL NO CT AÉREO PROXECTADO. CENTRO DE TRANSFORMACIÓN INTEMPERIE DE 50 KVA, R.T. 20 KV/400-230 V, SITUADO EN REBOREDO, FORCAREI.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións nesta xefatura territorial, Ed. Administrativo Avda. Fernández Ladreda 43, 5º, no prazo de vinte días. Así mesmo, e durante o mencionado prazo, tamén se poderá examinar o proxecto da instalación.

Pontevedra, 4 de xuño de 2013.—O xefe territorial, Ignacio Rial Santomé.

**2013005909**

*Resolución do 4 de xuño de 2013 da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización das instalacións eléctricas que se describen no concello de A ESTRADA (expediente IN407A 2013/125-4).*

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización das instalacións eléctricas que se describen:

- Solicitante: UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA.
- Enderezo Social: TRAVESÍA DE VIGO 204, 36207 VIGO.
- Denominación: PASO DE CASETA A AÉREO DO CT FOXO.
- Situación: A ESTRADA.
- Descricións Técnicas: LMT AÉREA A 20 KV CON CODNDUCTOR TIPO LA-56 DE 36 METROS DE LONXITUDE, CON ORIXE NO APOIO EXISTENTE HV11/1000 DA LMTA AO CT FOXO E FINAL NO CT AÉREO PROXECTADO. CENTRO DE TRANSFORMACIÓN INTEMPERIE DE 100 KVA, R.T. 20 KV/400-230 V, SITUADO EN FOXO, A ESTRADA.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións nesta xefatura territorial, Ed. Administrativo Avda. Fernández Ladreda 43, 5º, no prazo de vinte días. Así mesmo, e durante o mencionado prazo, tamén se poderá examinar o proxecto da instalación.

Pontevedra, 4 de xuño de 2013.—O xefe territorial, Ignacio Rial Santomé.

**2013005910**

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### AYUNTAMIENTOS

### PONTEVEDRA

*NOTIFICACIÓN A D. DAVID GONZALEZ OTERO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, NA SESIÓN QUE TIVO LUGAR O 3/06/13, DE INCOCIÓN DE EXPEDIENTE SANCIONADOR POLA INEXACTITUDE, FALSEDADE OU OMISIÓN, DE CARACTER ESENCIAL, EN CALQUERA DATO, MANIFESTACIÓN OU DOCUMENTACIÓN QUE SE ACOMPAÑE OU INCORPORE Á DECLARACIÓN RESPONSABLE DE APERTURAS COMERCIAIS E ACTIVIDADES INOCUAS NO LOCAL SITO NA RÚA JAVIER PUIG LAMAS, Nº 5, BAIXO, CON DESTINO Á VENDA DE ROUPA DEPORTIVA.*

Intentada a notificación do acto sinalado no asunto (relativo ao exp. DMA. 54/13), a D. David Gonzalez Otero e ao non resultar posible a súa práctica efectiva, de acordo co previsto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na redacción conferida pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, procédese a notificar mediante a publicación no BOP e no taboleiro de anuncios do Excmo Concello de Pontevedra o seguinte:

“Visto o expediente tramitado a instancia de D. David González Otero, tramitado por mor da inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore á declaración responsable de aperturas comerciais e actividades inocuas no local situado na rúa Javier Puig Lamas, nº 5, baixo con destino a venda de roupa deportiva, resultan acreditados os seguintes FEITOS:

*Primeiro.*—D. David González Otero, en data 18/10/12, achega declaración responsable de apertura de establecemento comercial para o desenvolvemento da actividade de venda de roupa deportiva situado na rúa Javier Puig Lamas, nº 5, baixo.

*Segundo.*—A acta de inspección apertura de local comercial baixo declaración responsable realizada pola Oficina Técnica de Disciplina Urbanística, en data 15/03/13, fai constar que non posúe no local a documentación técnica precisa, documentación que o interesado afirmaba ter na súa declaración responsable.

*Terceiro.*—En data 13/05/13, consta Decreto de Alcaldía que declara a concorrencia de supostos e omisión, inexactitude ou falsidade, de carácter esencial, de calquera dato, manifestación ou documento que se achegou ou incorporou á declaración responsable determinado a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade ordenándolle, no citado acordo, a D. David González Otero o cese total da actividade de venda de roupa deportiva que se desenvolve no local sito na rúa Javier Puig Lamas, nº 5, baixo.

Considerando de aplicación os seguintes FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

*Primeiro.*—O artigo 1 do Regulamento de servizos das corporacións locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955 e o artigo 84 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, habilita aos concellos para intervir na actividade dos seus administrados.

*Segundo.*—A Lei 30/92, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común no seu artigo 71. bis e o artigo 3 da Ordenanza municipal para a simplificación administrativa no concello de Pontevedra define a declaración responsable como “ o documento suscrito por un suxeito interesado no que manifesta, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para acceder ao recoñecemento dun dereito ou facultade ou para o seu exercicio, que dispón da documentación que así o acredita e que se compromete a manter o seu cumprimento durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio. Tales requisitos deberán estar recollidos de maneira expresa, clara e precisa na correspondente declaración responsable.”

*Terceiro.*—O artigo 171.bis. 4 da Lei 30/92, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común en relación co artigo 13.2 da Ordenanza municipal para a simplificación administrativa no concello de Pontevedra determina que a concorrencia de supostos de omisión, inexactitude ou falsidade de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha declaración responsable ou comunicación previa, determinará con carácter xeral, a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o intre en que se teña constancia de tales feitos sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.

*Cuarto.*—O artigo 4 da Ordenanza municipal para a simplificación administrativa no concello de Pontevedra, en canto aos actos suxeitos ao réxime de declaración responsable.

*Quinto.*—O mencionado artigo 13 da Ordenanza municipal para a simplificación administrativa no concello de Pontevedra no apartado 3 en relación co artigo 171. bis. 4 da xa referenciada Lei 30/92 dispón que a resolución que declare tales circunstancias disporá, sen máis trámite, o cesamento inmediato da actividade e a clausura do establecemento e poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao exercicio do dereito ou actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, nos termos establecidos nas normas sectoriais que resulten de aplicación.

*Sexto.*—O artigo 14 da Ordenanza municipal para a simplificación administrativa no concello de Pontevedra establece que sen prexuízo da resolución que determine a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada e das posibles medidas para restitución da legalidade á situación xurídica previa ao exercicio do dereito ou da actividade e do resarcimento de danos e perdas, se os feitos fosen constitutivos dunha infracción administrativa tipificada na lexislación vixente, o Concello, a través do correspondente expediente sancionador, imporá as sancións correspondentes aos suxeitos responsables.

*Sétimo.*—Os artigos 194 e 195 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, -modificada, pola Lei 15/2004 de 29 de decembro- (LOUGA) en canto aos actos suxeitos a licenza e o procedemento para o seu outorgamento.

Pola súa banda, o art. 10 do Regulamento de disciplina urbanística de Galicia, recolle expresamente no seu apartado 9 a utilización do solo para o desenvolvemento de actividades mercantís, industriais, profesionais de servizos ou outras análogas, como actos suxeitos a previa licenza, sen prexuízo das autorizacións, licenzas ou concesións que fosen procedentes consonte coa lexislación específica aplicable.

*Oitavo.*—O art. 211 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, (LOUGA) -modificada, pola Lei 15/2004 de 29 de decembro, concordante co art. 57 do Regulamento de disciplina urbanística de Galicia, aprobado por Decreto 28/99, de 21 de xaneiro, establece que cando algún acto distinto aos de edificación e precisado de licenza - como é o uso do solo e a apertura de locais de negocio- se realizase sen esta ou en contra das súas determinacións o órgano municipal competente disporá o cesamento inmediato de dito acto e incoará expediente de reposición da legalidade.

*Noveno.*—Son infraccións urbanísticas as accións ou omisións que vulneran as prescricións contidas na lexislación e no planeamento urbanísticos, tipificadas e sancionadas naquela, art. 216 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, de 30 de decembro -publicada no Diario Oficial de Galicia o martes, 31 de decembro de 2002 e art. 69 do Regulamento de Disciplina Urbanística.

*Décimo.*—O artigo 217 da LOUGA regulador da tipificación das infraccións urbanísticas tipifica como infracción leve as infraccións do ordenamento urbanístico que non teñan a consideración de graves o moi graves e, en todo caso, a execución de obras ou instalacións realizadas sen licenza ou orden de execución cando sexan legalizables por ser conformes ao ordenamento urbanístico, así coma o incumprimento das ordes de execución ou demolición ou da obriga da inspección periódica das edificacións.

*Décimo primeiro.*—A LOUGA, no seu artigo 220 establece as regras para determinar a contía das sancións, correspondéndolle ás infraccións leves multa de 300 a 6.000 euros e como mínimo o 2% do valor da obra, instalación ou actuación realizada.

*Décimo segundo.*—O disposto no art. 219 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en relación co art. 72 do Regulamento de Disciplina Urbanística respecto das persoas responsables.

*Décimo terceiro.*—A protección do medio ambiente é unha obriga mínima dos Concellos con poboación superior aos cincuenta mil habitantes ao abeiro do art. 26.1, parágrafo d) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, carácter de obriga ou servizo mínimo que lexítima a calquera veciño a solicitar a súa concreta prestación, segundo establece o art. 18.1.g) da devandita lei básica.

*Décimo cuarto.*—De conformidade co artigo 127.1. l) do Título X da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora do Réxime Local introducido pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, así como co Regulamento orgánico publicado no BOP Nº 248 con data de 28 de decembro de 2005, a competencia para a iniciación dos procedementos sancionadores está atribuída á Xunta de Goberno Local e a imposición das sancións que corresponden, ao Tenente de Alcalde delegado da Área de Urbanismo, de conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local do 25 de xuño de 2012.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

*Primeiro.*—Incoar a D. David González Otero a tramitación do correspondente procedemento sancionador por infracción urbanística, pola inexactitude, falsedade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore á declaración responsable de aperturas comerciais e actividades inocuas no local situado na rúa Javier Puig Lamas, nº 5, baixo con destino a venda de roupa deportiva.

*Segundo.*—Consonte co artigo 13 do Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, designar instrutor do procedemento sancionador ao Xefe do Servizo de Disciplina Urbanística, Medio Ambiente e Policía Administrativa D. José María Campos Durán, e como secretaria á Técnica de Administración Xeral Dña. Iria Ledo Montes, o que se notificará aos interesados para os efectos da súa posible recusación, de acordo co establecido nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e 182 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, de funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

*Terceiro.*—Cualificar como leve o feito imputado da execución de obras ou instalacións realizadas sen licenza, considerando que a sanción a impoñer, sen prexuízo do que resulte da instrución do procedemento, quedará establecida nunha multa de trescentos euros (300 €).

O prazo de resolución do procedemento sancionador será dun ano que se contarán a partir da data do acordo de iniciación do procedemento segundo o disposto no artigo 223.2 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Consonte o artigo 6.2 do citado Regulamento aprobado polo RD 1398/1993, de 4 de agosto, o prazo de notificación ao imputado será de dous meses a contar a partir do acordo de iniciación do procedemento sancionador, transcorrido o cal procederase ao arquivo das actuacións, notificándollo ao interesado.

*Cuarto.*—Notificar a presente resolución a tódolos interesados no procedemento e á Policía Local para o seu efectivo cumprimento.

O que traslado a Vd., para o seu coñecemento e ao efecto de que poida examinar o expediente, propoñer probas, concretando os medios dos que se pretenda valer e facer as alegacións oportunas no prazo dos 15 días seguintes ó da notificación, de conformidade co establecido no artigo 35 en relación co artigo 79 e 84 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e co establecido no artigo 16.1 do Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, pregándose que para constancia devolva asinado o duplicado adxunto.

Advírteselle de que non formular alegacións no prazo establecido sobre o contido da iniciación do procedemento, está poderá ser considerada proposta de resolución ó conter un pronunciamento preciso sobre a responsabilidade imputada cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, en relación co artigo 13 do devandito texto legal.

Asemade signifícaselle a posibilidade de que o presunto responsable poida recoñecer voluntariamente a súa responsabilidade cos efectos previsto no art. 8 do Real Decreto 1398/93 tal e como dispón o seu artigo 13. O pago voluntario, polo imputado, da sanción proposta, poderá efectuarse mediante ingreso na cta. cte. 2080-5401-54-3110106977 aberta a nome do Concello de Pontevedra na entidade Novagalicia Banco O.P. de Pontevedra, mediante ingreso efectivo ou transferencia bancaria, facendo constar o número ou referencia do expediente, o cal poderá implicar tamén o remate do procedemento, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer os recursos procedentes.

Asemade, signifícaselle que consonte co recollido na Disposición Adicional 5ª da Lei 9/2002, de 31 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, poderá Vd. beneficiarse dunha redución da contía da sanción imposta nun 30%, quedando establecida neste caso nun importe de douscentos dez euros (210€), para o cal deberá achegar a esta Administración a súa solicitude nos termos do modelo que deseguido se expresa, e que se encontra a súa disposición no Rexistro Xeral deste concello, e que se encontra a súa disposición no Rexistro Xeral deste concello:

“Expediente: \_\_\_\_\_

D. / Dª. \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_ e domicilio \_\_\_\_\_, por medio do presente escrito manifesto a miña conformidade coa sanción imposta, comprométome a realizar o seu aboamento no prazo de 15 días a partir da súa notificación e renuncio expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación daquela, polo que solicito a aplicación da redución do 30% no seu importe, consonte co recollido na

Disposición Adicional 5ª da Lei 9/2002, de 31 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.”

Pontevedra, 6 de xuño de 2013.—O Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local do concello de Pontevedra, PD.—O Xefe do Servizo de Disciplina Urbanística, Medioambiental e Policía Administrativa, José María Campos Durán.”

Pontevedra, a 17 de xuño de 2013.—O Tenente de Alcalde Delegado da Área de Urbanismo, Antonio Louro Goyanes. **2013005923**

*NOTIFICACIÓN A D. ADRIÁN ESPERÓN PEQUEÑO E/R DA ENTIDADE “ LEXGA ABOGADOS,S.C.” DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, NA SESIÓN QUE TIVO LUGAR O 3/06/13 DE INCOACIÓN DE EXPEDIENTE SANCIONADOR POLA INEXACTITUDE, FALSEDADE OU OMISIÓN, DE CARÁCTER ESENCIAL, EN CALQUERA DATO, MANIFESTACIÓN OU DOCUMENTO QUE SE ACOMPAÑE OU INCORPORE Á DECLARACIÓN RESPONSABLE DE APERTURAS COMERCIAIS E ACTIVIDADES INOCUAS NO LOCAL SITO NA RÚA RAIÑA VICTORIA EUGENIA Nº5, ESCALEIRA 2º, 1º ANDAR, OFICINA 5, CON DESTINO A DESPACHO DE AVOGADOS.*

Intentada a notificación do acto sinalado no asunto (relativo ao exp. DMA. 75/13), a D. Adrián Esperón Pequeno e/r da entidade “ Lexga Abogados, S.C.” e ao non resultar posible a súa práctica efectiva, de acordo co previsto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na redacción conferida pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, procédese a notificar mediante a publicación no BOP e no taboleiro de anuncios do Excmo Concello de Pontevedra o seguinte:

“Visto o expediente tramitado a instancia da entidade “Lexga Abogados. S.C.” r/p D. Adrián Esperón Pequeno, tramitado por mor da inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore á declaración responsable de aperturas comerciais e actividades inocuas no local situado na rúa Reina Victoria, nº 5, esc. 2º, 1º andar, ofic 5 con destino a despacho de avogados, resultan acreditados os seguintes FEITOS:

*Primeiro.*—D. Adrián Esperón Pequeno e/r da entidade “Lexga Abogados, S.C.” en data 4/03/13, achega declaración responsable de apertura de establecemento comercial para o desenvolvemento da actividade de despacho de avogados situado na rúa Reina Victoria Eugenia, nº 5, Esc. 2º, 1º andar, ofic. 5.

*Segundo.*—A acta de inspección apertura de local comercial baixo declaración responsable realizada pola Oficina Técnica de Disciplina Urbanística, en data 22/04/13, fai constar que non posúe no local a documentación técnica precisa, documentación técnica que o interesado afirmaba ter na súa declaración responsable.

*Terceiro.*—En data 13/05/13, consta Decreto de Alcaldía que declara a concorrencia de supostos e omisión, inexactitude ou falsidade, de carácter esencial, de calquera dato, manifestación ou documento que se achegou ou incorporou á declaración responsable determinado a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade ordenándolle, no citado acordo, a D. Adrian Esperón Pequeno e/r da entidade Lexga Abogados, S.C. o cese total da actividade de despacho de avogados que se desenvolve no local sito na rúa Reina Victoria Eugenia, nº 5, Esc. 2º, 1º andar, ofic. 5.

Considerando de aplicación os seguintes FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

*Primeiro.*—O artigo 1 do Regulamento de servizos das corporacións locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955 e o artigo 84 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, habilita aos concellos para intervir na actividade dos seus administrados.

*Segundo.*—A Lei 30/92, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común no seu artigo 71. bis e o artigo 3 da Ordenanza municipal para a simplificación administrativa no concello de Pontevedra define as declaración responsable como “ o documento suscrito por un suxeito interesado no que manifesta, baixo a súa responsabilidade, que

cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para acceder ao recoñecemento dun dereito ou facultade ou para o seu exercicio, que dispón da documentación que así o acredita e que se compromete a manter o seu cumprimento durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio. Tales requisitos deberán estar recollidos de maneira expresa, clara e precisa na correspondente declaración responsable.”

*Terceiro.*—O artigo 171.bis. 4 da Lei 30/92, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común en relación co artigo 13.2 da Ordenanza municipal para a simplificación administrativa no concello de Pontevedra determina que a concorrencia de supostos de omisión, inexactitude ou falsidade de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha declaración responsable ou comunicación previa, determinará con carácter xeral, a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o intre en que se teña constancia de tales feitos sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.

*Cuarto.*—O artigo 4 da Ordenanza municipal para a simplificación administrativa no concello de Pontevedra, en canto aos actos suxeitos ao réxime de declaración responsable.

*Quinto.*—O mencionado artigo 13 da Ordenanza municipal para a simplificación administrativa no concello de Pontevedra no apartado 3 en relación co artigo 171. bis. 4 da xa referenciada Lei 30/92 dispón que a resolución que declare tales circunstancias disporá, sen máis trámite, o cesamento inmediato da actividade e a clausura do establecemento e poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao exercicio do dereito ou actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, nos termos establecidos nas normas sectoriais que resulten de aplicación.

*Sexto.*—O artigo 14 da Ordenanza municipal para a simplificación administrativa no concello de Pontevedra establece que sen prexuízo da resolución que determine a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada e das posibles medidas para restitución da legalidade á situación xurídica previa ao exercicio do dereito ou da actividade e do resarcimento de danos e perdas, se os feitos fosen constitutivos dunha infracción administrativa tipificada na lexislación vixente, o Concello, a través do correspondente expediente sancionador, impondrá as sancións correspondentes aos suxeitos responsables.

*Sétimo.*—Os artigos 194 e 195 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, -modificada, pola Lei 15/2004 de 29 de decembro- (LOUGA) en canto aos actos suxeitos a licenza e o procedemento para o seu outorgamento.

Pola súa banda, o art. 10 do Regulamento de disciplina urbanística de Galicia, recolle expresamente no seu apartado 9 a utilización do solo para o desenvolvemento de actividades mercantís, industriais, profesionais de servizos ou outras análogas, como actos suxeitos a previa licenza, sen prexuízo das autorizacións, licenzas ou concesións que fosen procedentes consonte coa lexislación específica aplicable.

*Oitavo.*—O art. 211 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, (LOUGA) -modificada, pola Lei 15/2004 de 29 de decembro, concordante co art. 57 do Regulamento de disciplina urbanística de Galicia, aprobado por Decreto 28/99, de 21 de xaneiro, establece que cando algún acto distinto aos de edificación e precisado de licenza - como é o uso do solo e a apertura de locais de negocio- se realizase sen esta ou en contra das súas determinacións o órgano municipal competente disporá o cesamento inmediato de dito acto e incoará expediente de reposición da legalidade.

*Noveno.*—Son infraccións urbanísticas as accións ou omisións que vulneran as prescricións contidas na lexislación e no planeamento urbanísticos, tipificadas e sancionadas naquela, art. 216 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, de 30 de decembro -publicada no Diario Oficial de Galicia o martes, 31 de decembro de 2002 e art. 69 do Regulamento de Disciplina Urbanística.

*Décimo.*—O artigo 217 da LOUGA regulador da tipificación das infraccións urbanísticas tipifica como infracción leve as infraccións do ordenamento urbanístico que non teñan a consideración de graves o moi graves e, en todo caso, a execución de obras ou instalacións realizadas sen licenza ou orden de execución cando sexan legalizables por ser conformes ao ordenamento urbanístico, así coma o incumprimento das ordes de execución ou demolición ou da obriga da inspección periódica das edificacións.

*Décimo primeiro.*—A LOUGA, no seu artigo 220 establece as regras para determinar a contía das sancións, correspondéndolle ás infraccións leves multa de 300 a 6.000 euros e como mínimo o 2% do valor da obra, instalación ou actuación realizada.

*Décimo segundo.*—O disposto no art. 219 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en relación co art. 72 do Regulamento de Disciplina Urbanística respecto das persoas responsables.

*Décimo terceiro.*—A protección do medio ambiente é unha obriga mínima dos Concellos con poboación superior aos cincuenta mil habitantes ao abeiro do art. 26.1, parágrafo d) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, carácter de obriga ou servizo mínimo que lexítima a calquera veciño a solicitar a súa concreta prestación, segundo establece o art. 18.1.g) da devandita lei básica.

*Décimo cuarto.*—De conformidade co artigo 127.1. l) do Título X da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora do Réxime Local introducido pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, así como co Regulamento orgánico publicado no BOP Nº 248 con data de 28 de decembro de 2005, a competencia para a iniciación dos procedementos sancionadores está atribuída á Xunta de Goberno Local e a imposición das sancións que corresponden, ao Tenente de Alcalde delegado da Área de Urbanismo, de conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local do 25 de xuño de 2012.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

*Primeiro.*—Incoar á entidade “Lexga Abogados, S.C.” r/p D. Adrián Esperón Pequeño a tramitación do correspondente procedemento sancionador por infracción urbanística, pola inexactitude, falsedade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore á declaración responsable de apertura de establecemento comercial para o desenvolvemento da actividade de despacho de avogados situado na rúa Reina Victoria, nº 5, esc. 2º, 1º andar, ofc 5.

*Segundo.*—Consonte co artigo 13 do Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, designar instrutor do procedemento sancionador ao Xefe do Servizo de Disciplina Urbanística, Medio Ambiente e Policía Administrativa D. José María Campos Durán, e como secretaria á Técnica de Administración Xeral Dña. Iria Ledo Montes, o que se notificará aos interesados para os efectos da súa posible recusación, de acordo co establecido nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e 182 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, de funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

*Terceiro.*—Cualificar como leve o feito imputado da execución de obras ou instalacións realizadas sen licenza, considerando que a sanción a impoñer, sen prexuízo do que resulte da instrución do procedemento, quedará establecida nunha multa de trescentos euros (300 €).

O prazo de resolución do procedemento sancionador será dun ano que se contarán a partir da data do acordo de iniciación do procedemento segundo o disposto no artigo 223.2 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Consonte o artigo 6.2 do citado Regulamento aprobado polo RD 1398/1993, de 4 de agosto, o prazo de notificación ao imputado será de dous meses a contar a partir do acordo de iniciación do procedemento sancionador, transcorrido o cal procederase ao arquivo das actuacións, notificándollo ao interesado.

*Cuarto.*—Notificar a presente resolución a tódolos interesados no procedemento e á Policía Local para o seu efectivo cumprimento.

O que traslado a Vd., para o seu coñecemento e ao efecto de que poida examinar o expediente, propoñer probas, concretando os medios dos que se pretenda valer e facer as alegacións oportunas no prazo dos 15 días seguintes ó da notificación, de conformidade co establecido no artigo 35 en relación co artigo 79 e 84 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e co establecido no artigo 16.1 do Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, pregándose que para constancia devolva asinado o duplicado adxunto.

Advírteselle de que non formular alegacións no prazo establecido sobre o contido da iniciación do procedemento, está poderá ser considerada proposta de resolución ó conter un pronunciamento preciso sobre a responsabilidade imputada cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, en relación co artigo 13 do devandito texto legal.

Asemade signifícaselle a posibilidade de que o presunto responsable poida recoñecer voluntariamente a súa responsabilidade cos efectos previsto no art. 8 do Real Decreto 1398/93 tal e como dispón o seu artigo 13. O pago voluntario, polo imputado, da sanción proposta, poderá efectuarse mediante ingreso na cta. cte. 2080-5401-54-3110106977aberta a nome do Concello de Pontevedra na entidade Novagalicia Banco O.P. de Pontevedra, mediante ingreso efectivo ou transferencia bancaria, facendo constar o número ou referencia do expediente, o cal poderá implicar tamén o remate do procedemento, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer os recursos procedentes.

Asemade, signifícaselle que consonte co recollido na Disposición Adicional 5ª da Lei 9/2002, de 31 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, poderá Vd. beneficiarse dunha redución da contía da sanción imposta nun 30%, quedando establecida neste caso nun importe de douscentos dez euros (210€), para o cal deberá achegar a esta Administración a súa solicitude nos termos do modelo que deseguido se expresa, e que se encontra a súa disposición no Rexistro Xeral deste concello, e que se encontra a súa disposición no Rexistro Xeral deste concello:

“Expediente: \_\_\_\_\_

D. / Dª. \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_ e domicilio \_\_\_\_\_, por medio do presente escrito manifesto a miña conformidade coa sanción imposta, comprométome a realizar o seu aboamento no prazo de 15 días a partir da súa notificación e renuncio expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación daquela, polo que solicito a aplicación da redución do 30% no seu importe, consonte co recollido na Disposición Adicional 5ª da Lei 9/2002, de 31 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.”

Pontevedra, 6 de xuño de 2013.—O Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local do concello de Pontevedra, PD.—O Xefe do Servizo de Disciplina Urbanística, Medioambiental e Policía Administrativa, José María Campos Durán.”

Pontevedra, a 17 de xuño de 2013.—O Tenente de Alcalde Delegado da Área de Urbanismo, Antonio Louro Goyanes.

**2013005924**

## A N U N C I O :

*Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra na sesión ordinaria que tivo lugar o día 17.06.2013*

1.—APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN DE 10 DE XUÑO DE 2013.

2.—CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A EMPRESA DE TRANSPORTE REGULAR DE VIAXEIROS AUTOCARES RÍAS BAIXAS S.L. POLO QUE SE ESTABLECE UNHA SUBVENCIÓN AOS USUARIOS DA LIÑA DE TRANSPORTE PÚBLICO A MONTE PORREIRO E SE REGULAN AS BASES DA COLABORACIÓN PARA A SÚA XESTIÓN E PAGAMENTO.

3.— APLICACIÓN DO COMPLEMENTO RETRIBUTIVO DA PRESTACIÓN DA SEGURIDADE SOCIAL POR SITUACIÓN DE INCAPACIDADE TEMPORAL ÁS INCAPACIDADES TEMPORAIS QUE TEÑAN LUGAR DURANTE O ESTADO DE XESTACIÓN DAS EMPREGADAS MUNICIPAIS E, ASÍ MESMO, A INCLUSIÓN COMO CONTINXENCIAS PROTEXIBLES ACOLLIDAS AO MESMO COMPLEMENTO RETRIBUTIVO AS SITUACIÓNS DE RISCO DURANTE O EMBARAZO E DE RISCO DURANTE A LACTACIÓN .

4.— PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO.

5.— ACONDICIONAMENTO NO EXTERIOR DO TERREO DE XOGO DO CAMPO DE FÚTBOL-RUGBY DE MONTE PORREIRO: REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN.

6.— REHABILITACIÓN SUPERFICIAL DOS VIAIS DE ACCESO A O CASAL DENDE O CAMPO DA PORTA E DENDE A E.P. 0019, FIGUEIRIDO – MARÍN. SALCEDO. REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN.

7.— REHABILITACIÓN SUPERFICIAL DA ESTRADA DE A IGREXA (BORA) Á N-541 (EN CARABELOS – MOURENTE). 1ª FASE. REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN.

8.— ESTIMACIÓN DAS ALEGACIÓNS FORMULADAS POR RESIDENCIALES POIO, S.L. NO PROCEDIMENTO DE DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DA LICENZA CONCEDIDA PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUN EDIFICIO NA RÚA JUAN BAUTISTA ANDRADE Nº 127-129 E RÚA DE NOVA APERTURA CON OUTORGAMENTO DUN PRAZO FINAL PARA O SEU REMATE.

9.— RECURSOS DE REPOSICIÓN INTERPOSTOS FRONTE AO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 11/03/2013 POLO QUE SE PRESTA APROBACIÓN DEFINITIVA AO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO VIAL DA REDE ARTERIAL, NOVO ACCESO SUR N-550, DESDOBRAMENTO DA AVENIDA DE VIGO, POR DONA MARÍA PILAR GARCÍA ALONSO, DON JOSÉ LUÍS GARCÍA ALONSO E OUTROS, E DONA ARACELI DIOS TORRES.

10.— EXPROPIACIÓN FORZOSA DOS BENS E DEREITOS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO VIAL DA REDE ARTERIAL, NOVO ACCESO SUR N-550, DESDOBRAMENTO DA AVENIDA DE VIGO. PREDIOS NÚMS. 1, 10 A, 10 C e 12.

11.— APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN DAS OBRAS EXECUTADAS PARA A OBTENCIÓN DA CUALIFICACIÓN DEFINITIVA DAS AXUDAS DA ARI DE ESTRIBELA, SOLICITADA A INSTANCIA DE DON LUIS MOLINA FONTÁN, CORRESPONDENTE Á REHABILITACIÓN DO EDIFICIO SITO NA RÚA COMBOA NÚM 10, BAIXO, DENTRO DA ARI DE ESTRIBELA. (4ª FASE).

12.— APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN DAS OBRAS EXECUTADAS PARA A OBTENCIÓN DA CUALIFICACIÓN DEFINITIVA DAS AXUDAS DA ARI DE ESTRIBELA, SOLICITADA A INSTANCIA DE DON LUIS MOLINA FONTÁN, CORRESPONDENTE Á REHABILITACIÓN DO EDIFICIO SITO NA RÚA COMBOA NÚM 10, 1º, DENTRO DA ARI DE ESTRIBELA. (4ª FASE).

13.— APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN DAS OBRAS EXECUTADAS PARA A OBTENCIÓN DA CUALIFICACIÓN DEFINITIVA DAS AXUDAS DA ARI DE ESTRIBELA, SOLICITADA A INSTANCIA DE DON LUIS MOLINA FONTÁN, CORRESPONDENTE Á REHABILITACIÓN DO EDIFICIO SITO NA RÚA COMBOA NÚM 10, 2º, DENTRO DA ARI DE ESTRIBELA. (4ª FASE).

14.— APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN DAS OBRAS EXECUTADAS PARA A OBTENCIÓN DA CUALIFICACIÓN DEFINITIVA DAS AXUDAS DA ARI DE ESTRIBELA, SOLICITADA A INSTANCIA DE DON DIEGO MOLEDO CASAS CORRESPONDENTE Á REHABILITACIÓN DA VIVENDA SITA NA AVDA. MARQUÉS DE VALTERRA NÚM 87, 2º, DENTRO DA ARI DE ESTRIBELA. (5ª FASE).

15.— APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN DAS OBRAS EXECUTADAS PARA A OBTENCIÓN DA CUALIFICACIÓN DEFINITIVA DAS AXUDAS DA ARI DE ESTRIBELA, SOLICITADA A INSTANCIA DE DON RAMÓN VÁZQUEZ RODRÍGUEZ CORRESPONDENTE Á REHABILITACIÓN DA VIVENDA SITA NA AVDA. AVELINO MONTERO RIOS Nº 96, 4º C, DENTRO DA ARI DE ESTRIBELA. (5ª FASE).

16.— ACEPTACIÓN DA RENUNCIA EFECTADA POR DON JOSE ANTONIO GUILLEME LÓPEZ Á LICENZA URBANÍSTICA PARA A REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR EN FINCA SITA NO LUGAR DE SOBRAL, NÚM. 69, PARROQUIA DE SANTO ANDRÉ DE XEVE.

17.— EXPEDIENTE Nº 12.736/13 TRAMITADO A INSTANCIA DE DON GERARDO PIÑEIRO JUSTO INTERESANDO LICENZA URBANÍSTICA PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN E PECHE DE FINCA SITA NO LUGAR DE LUSQUIÑOS Nº 134, PARROQUIA DE TOMEZA.

18.— DECLARACIÓN DE PRESCRICIÓN DA ACCIÓN DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA EN RELACIÓN COA INFRACCIÓN URBANISTICA COMETIDA NA RÚA DO FOTÓGRAFO PINTOS Nº 19,

CONSISTENTE NA REALIZACIÓN DE OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR SEN SE ADAPTAR Á LICENZA CONCEDIDA POLA COMISIÓN DE GOBERNO O 26.4.99 E A SÚA MODIFICACIÓN DE 27.12.99 A DON ÁNGEL CANO BALBÁS.

19.—DECLARACIÓN DE PRESCRICIÓN DA ACCIÓN DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA EN RELACIÓN COA INFRACCIÓN URBANISTICA COMETIDA NA RÚA DO FOTÓGRAFO PINTOS Nº 6, CONSISTENTE NA REALIZACIÓN DE OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR SEN SE ADAPTAR Á LICENZA CONCEDIDA POLA COMISIÓN DE GOBERNO O 8.2.99 A DON FRANCISCO GARCÍA RECAMÁN.

20.—EXPEDIENTE Nº 17.837/11 TRAMITADO A INSTANCIA DE FARO, CB – CENTRO VETERINARIO DARWIN INTERESANDO LICENZA DE APERTURA DE LOCAL CON DESTINO A CENTRO VETERINARIO NA AVENIDA DE LUGO Nº 16, PORTA L2 BAIXO.

21.—ROGOS E PREGUNTAS.

*Asuntos urxentes.*—Previa declaración de urxencia en forma regulamentaria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acordou incluír na orde do día os seguintes asuntos para o seu coñecemento, debate e votación:

A) TOMA DE COÑECEMENTO DE SENTENZA DE DATA 03.05.13 DITADA NO RECURSO DE CASACIÓN 5312/2009 DA SECCIÓN QUINTA DA SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DO TRIBUNAL SUPREMO.

B) TOMA DE COÑECEMENTO DE SENTENZA DE DATA 08.05.13 DITADA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO 15186/2011 DA SECCIÓN CUARTA DA SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA.

C) PROCEDENCIA DE PERSOAMENTO DESTE CONCELLO COMO DEMANDADO PERANTE O XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NUM. TRES DE PONTEVEDRA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO NÚM. 187/2013.

D) EXPEDIENTE NÚM. 25.017/12, TRAMITADO A INSTANCIA DE VICTORIANO MOLDES RUIBAL, SA, INTERESANDO LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS DE ACONDICIONAMENTO E INSTALACIÓN DE APARCADOIRO PÚBLICO NO BAIXO DO INMOBLE SITO NA RÚA ESTRADA, Nº 17.

E) RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR VODAFONE ESPAÑA SAU CONTRA A VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS AO SERVIZO DE TELECOMUNICACIÓNS DO CONCELLO.

Pontevedra, 18.06.2013.—O alcalde, Miguel A. Fernández Lores.

**2013005922**

\* \* \*

## **B U E U**

### *Anuncio de aprobación definitiva Ordenanzas Fiscais*

Mediante acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada con carácter ordinario o 1 de Abril de 2013, prestouse aprobación á Proposta do Concelleiro Delegado de Facenda de modificación parcial, con carácter provisional, das Ordenanzas Fiscais seguintes;

- Num. 4 (Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras)
- Num. 8 (Reguladora da Taxa por licenza de actividade para apertura de establecementos)
- Num. 11 (Reguladora da taxa pola prestación dos servizos urbanísticos)

Sometido ó trámite de información pública, de conformidade co establecido nos artigos 15 a 19 do TRLRFL, no relativo ás Ordenanzas Fiscais, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia con data 3 de Maio de 2013 e no Taboleiro de anuncios do Concello de Bueu por un prazo de Trinta días a efectos do seu exame polos interesados e presentación das reclamacións que se consideren, non consta que neste prazo foran presentadas reclamacións ás mesmas, polo que o acordo provisional adoptado polo Pleno da Corporación Municipal de modificación das Ordenanzas Fiscais, enténdese aprobado definitivamente.

Procede en consecuencia a publicación íntegra das Ordenanzas fiscais modificadas, nos seguintes termos:

**ORDENANZA FISCAL Nº 4****REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS****ARTIGO 1. NATUREZA E FUNDAMENTO**

O imposto sobre construcións, instalacións e obras é un tributo indirecto establecido con carácter de potestativo no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL en diante).

De conformidade co disposto nos artigos 15.1, 59.2 a ordenación do imposto sobre construcións, instalacións e obras mecánica rexeráse polo disposto nos artigos 100 a 103 do TRLRFL, polas normas que os complementen e desenvolvan, e pola presente Ordenanza Fiscal.

**ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE**

1. Constitue o feito imponible a realización de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtívese ou non dita licenza, ou para a que se esixa a presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control lle corresponda ó Concello da imposición.
2. As construcións, instalacións ou obras a que se refire o apartado anterior poderán consistir en todos aqueles actos suxeitos a licenza segundo o previsto na Lei do Solo e Regulamento de disciplina urbanística, en particular:
  - Obras de nova pranta e ampliación de construcións existentes.
  - Obras de modificación ou de reforma tanto as que modifiquen a disposición interior como o aspecto exterior.
  - As construcións, instalacións e obras realizadas na vía pública por particulares ou polas empresas subministradoras de servizos públicos, comprendendo a título de exemplo a apertura de calcatas, pozos ou zanzas, colocación de postes de soporte, canalizacións, conexións e, en xeral, calquera removemento do pavimento ou aceras, como as necesarias para a reposición, reconstrución ou arranxo dos deterioros que se poideran causar.
  - Instalación, reforma ou calquera outra modificación dos soportes publicitarios.
  - Peche de solares ou terreos.
  - Obras en cemiterios, como construción de panteóns, reformas e colocación de sarcófagos, lápidas e demais atributos, e as de fontanería, sumidoiros e galerías de servizos.
  - Obras e instalacións industriais.
  - Obras de urbanización.
  - Calquera outra construción, instalación ou obra que requira licenza urbanística ou a presentación de declaración responsable ou comunicación previa.

**ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS**

1. Son suxeitos pasivos deste imposto a título de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que sexan donos da construcións, instalacións ou obras, sexan ou non propietarios dos inmobles sobre os que se realicen aqueles.

A estes efectos, terá a consideración de dono da construción, instalación ou obra quen soporte os gastos ou custos que supoña a súa realización.

2. No suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte, terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do mesmo os que soliciten as correspondentes licenzas, presenten as declaracións responsables ou comunicacións previas, ou realicen as construcións, instalacións ou obras.

O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da obriga tributaria satisfeita.

**ARTIGO 4. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS**

1. As exencións e bonificacións no Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras serán as reguladas no artigo 100.2 do TRLRFL.

**ARTIGO 5. BASE IMPOÑIBLE, COTA E DEVENGO**

1. A base imponible deste imposto está constituída polo custe real e efectivo da construción, instalación ou obra, entendéndose por tal, a estes efectos, o custe de execución material desta. Non forman parte da base imponible o Imposto sobre o Valor Engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, nin tampouco as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio profesional do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estrictamente, o custe de execución material.
2. A base liquidable deste imposto será idéntica á base imponible.
3. A cota do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de grave que se establece no 2,7 %.
4. O imposto devengarase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non se contase coa correspondente licenza ou non se teña presentado a correspondente declaración responsable ou comunicación previa.

**ARTIGO 6. XESTIÓN**

1. O imposto esixirase en réxime de autoliquidación.
2. Os suxeitos pasivos están obrigados a practicar autoliquidación en impreso habilitado ó efecto pola Administración municipal efectuando o pago, previamente á retirada da licenza concedida, ou cando se presente a declaración responsable ou comunicación previa en calquera entidade colaboradora autorizada e, en todo caso, dentro do prazo máximo dun mes, contado a partir do momento en que lle fora notificada a concesión da licenza. A autoliquidación presentada terá carácter provisional e, a base imponible do tributo determinarase en función do orzamento aportado polos interesados, no suposto de que a valoración resultante por aplicación dos módulos mínimos establecidos no anexo desta ordenanza sexa maior, a base imponible será determinada polos técnicos municipais do departamento de urbanismo, practicándose a oportuna liquidación complementaria pola diferenza que será notificada ó suxeito pasivo.
4. Cando, sin ter solicitado, concedido ou denegado a licenza preceptiva ou presentado a declaración responsable ou comunicación previa, se inicie a construción, instalación ou obra, o Concello practicará unha liquidación provisional a conta, determinándose a base imponible polos técnicos municipais do departamento de urbanismo de acordo co orzamento presentado polo interesado, por propia iniciativa ou a requerimento do Concello, salvo que a valoración resultante por aplicación dos módulos mínimos establecidos no anexo desta ordenanza sexa maior, en cuio caso, se aplicará ésta.
5. Cando se modifique o proxecto da construción, instalación ou obra e esto supoña un aumento no orzamento, unha vez aceptada a modificación pola Administración municipal os suxeitos pasivos deberán presentar autoliquidación complementaria pola diferenza entre o orzamento inicial e o modificado nos prazos e cos requisitos e efectos sinalados nos apartados anteriores.
6. Unha vez rematadas as construcións, instalacións e obras, no caso de que o custo real e efectivo das mesmas sexa superior ou inferior ó que serviu de base imponible nas autoliquidacións anteriores, os suxeitos pasivos presentarán no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á dita finalización, autoliquidación complementaria do tributo, positiva ou negativa, segundo proceda. As autoliquidacións practicaranse en impreso que facilitará o Concello, debendo acompañar fotocopia do D.N.I. ou C.I.F. do suxeito pasivo, así como certificado e orzamento final da obra visado polo Colexio Oficial correspondente. Cando non se aporte esta

documentación ou a presentada non sexa completa non podendo deducirse o custo real, a comprobación administrativa efectuarase polos servizos técnicos municipais do departamento de urbanismo.

#### ARTIGO 7. INFRANCIÓNS E SANCIÓN

No relativo á cualificacións de Infraccións Tributarias, así como ó relativo ás sancións que correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e restante normativa que resulte de aplicación.

#### DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor, unha vez aprobada con carácter definitivo polo Pleno do Concello, ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

### ANEXO

De acordo co establecido no artigo 6 da presente Ordenanza, a base imponible do I.C.I.O., cando proceda, determinarase mediante a aplicación dos seguintes módulos mínimos

#### 1 - PECHES

|        |                                                                                                       | euros/m.l.           |
|--------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|
| 1.1    | Sencillos. De malla metálica e postes                                                                 | 24,04                |
| 1.2    | Cón zócalo de fábrica hmáx 0,75 m                                                                     |                      |
| 1.2.1  | de bloques ou ladrillo, sin revestir e parte superior de malla metálica e postes                      | 42,07                |
| 1.2.2  | de bloques ou ladrillo, revestida e pintada e parte superior de malla metálica e postes               | 44,80                |
| 1.2.3  | de bloques ou ladrillo, revestida e pintada e parte superior de malla metálica e pilastras de fábrica | 72,12                |
| 1.3    | Con zócalo de pedra de hmáx 1,20 m                                                                    |                      |
| 1.3.1  | De mampostería de canteira e parte superior de malla metálica e postes                                | 72,12                |
| 1.3.2  | De mampostería de canteira e parte superior de malla metálica e pilastras de pedra rústicas           | 81,44                |
| 1.3.3  | De sillería e parte superior de malla metálica e postes                                               | 108,59               |
| 1.3.4  | De sillería e parte superior de malla metálica e pilastras de sillería labrada                        | 135,74               |
| 1.4    | Peches e muros                                                                                        | euros/m <sup>2</sup> |
| 1.4.1  | De fábrica, sin revestir                                                                              | 24,04                |
| 1.4.2  | De fábrica, revestida                                                                                 | 48,08                |
| 1.4.3  | De mampostería de canteira                                                                            | 48,86                |
| 1.4.4  | De sillería                                                                                           | 97,72                |
| 1.4.5  | De hormigón armado, esp= 0,25 m                                                                       | 48,86                |
| 1.4.6  | De hormigón armado, esp= 0,50 m                                                                       | 97,72                |
| 1.5    | Portais                                                                                               | euros/m.l.           |
| 1.5.1. | Descubertos                                                                                           | 210,35               |
| 1.5.2  | Cubertos                                                                                              | 300,51               |

#### 2 - REFORMA DE CUBERTAS

|        |                                                                                                                                                       | euros/m <sup>2</sup> |
|--------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|
| 2.1    | Vivendas                                                                                                                                              |                      |
| 2.1.1. | Cubrición simple, de tella cerámica                                                                                                                   | 21,03                |
| 2.1.2. | Cubrición dobre, de tella cerámica curva sobre fibrocemento                                                                                           | 28,50                |
| 2.1.3. | Formación de estrutura de cuberta de madeira, con vigas, cerchas, pontones, correas                                                                   | 44,42                |
| 2.1.4  | Formación de estrutura de cuberta, con tabiquillos de ladrillo e faldóns de tableiro cerámico ou de formigón, sin incluír forxado horizontal de apoio | 36,06                |
| 2.1.5. | Formación de estrutura de cuberta, con faldóns de forxados prefabricados de viguetas e bovedillas.                                                    | 50,00                |
| 2.1.6  | Forxado horizontal para soporte de cuberta, con viguetas, bovedillas e vigas o zunchos de H.A.                                                        | 63,11                |
| 2.2.   | Galpóns, cobertizos                                                                                                                                   |                      |
| 2.2.1  | Cubrición de fibrocemento                                                                                                                             | 15,02                |
| 2.2.2  | Cuberta de viguetas prefabricadas e cubrición de fibrocemento                                                                                         | 39,07                |

**3 - INSTALACIÓNS**

|       |                                                                                        | <i>euros/Ud</i>                      |
|-------|----------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------|
| 3.1.  | Pozo de captación de auga potable...                                                   | 1.051,77                             |
| 3.1.1 | Caseta motor pozo                                                                      | 90,15                                |
| 3.2   | Fosa séptica ou pozo filtrante                                                         | 1.051,77                             |
| 3.3   | Instalación eléctrica (vivenda 100 m <sup>2</sup> )                                    | 1.873,06                             |
| 3.4   | Instalación fontanería auga fría ou quente( por cada local húmedo)                     | 390,66                               |
| 3.5   | Calentador instantáneo a gas ou termo eléctrico                                        | 345,58                               |
| 3.6   | Instalación calefacción por auga (caldeira e radiadores) (vivenda 100 m <sup>2</sup> ) | 3.257,49                             |
| 3.7   | Cuarto de baño (acondicionamento completo)                                             | <i>euros/m<sup>2</sup></i><br>450,76 |
| 3.8   | Baixantes                                                                              | <i>euros/m.l.</i>                    |
| 3.8.1 | Baixantes P.V.C.                                                                       | 15,02                                |
| 3.8.2 | Baixante metálica                                                                      | 30,05                                |
| 3.9   | Canalóns                                                                               | <i>euros/m.l.</i>                    |
| 3.9.1 | Canalón P.V.C.                                                                         | 9,92                                 |
| 3.9.2 | Canalón metálico                                                                       | 24,04                                |
| 3.10  | Saneamento                                                                             | <i>euros/m.l.</i>                    |
| 3.11  | Colectores enterrados...                                                               | 27,04                                |
| 3.12  | Arquetas                                                                               | <i>euros/Ud</i><br>72,12             |
| 3.13  | Pozos rexistro                                                                         | 300,51                               |

**4 - REFORMA FACHADAS**

|        |                                             |                            |
|--------|---------------------------------------------|----------------------------|
| 4.1    | Paredes                                     | <i>euros/m<sup>2</sup></i> |
| 4.1.1  | De mampostería                              | 81,14                      |
| 4.1.2  | De sillería                                 | 120,25                     |
| 4.2    | Encintado paredes pedra                     | 7,74                       |
| 4.3    | Repicado e limpeza paredes                  | 5,70                       |
| 4.4    | Pintura exterior                            | 6,01                       |
| 4.5    | Revestimentos                               |                            |
| 4.5.1  | Enfoscado e pintura                         | 14,25                      |
| 4.5.2  | Plaqueta ou pedra artificial                | 26,29                      |
| 4.5.3  | Pedra natural esp=3 cm                      | 57,00                      |
| 4.5.4. | Montero monocapa                            | 17,88                      |
| 4.6    | Carpinterías                                |                            |
| 4.6.1  | De madeira, aluminio o P.V.C., acristaladas | 120,20                     |
| 4.6.2  | Portas entrada principais                   | <i>euros/Ud</i><br>195,44  |
| 4.7    | Barandillas                                 | <i>euros/m.l.</i><br>56,34 |
| 4.8    | Apertura ócos                               | <i>euros/m<sup>2</sup></i> |
| 4.8.1  | En paredes fábrica                          | 30,05                      |
| 4.8.2  | En paredes de pedra                         | 60,10                      |

**5 - OBRAS ESTRUCTURAIS**

|     |                                                                                          |                                     |
|-----|------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------|
| 5.1 | Forxado de viguetas e bovedillas, apoiado en paredes existentes                          | <i>euros/m<sup>2</sup></i><br>63,11 |
| 5.2 | Idem, incluso estrutura propia de pilares e vigas, con parte proporcional de cimentación | 103,97                              |

**6 - OBRAS INTERIORES**

|      |                                                     | euros/m <sup>2</sup> |
|------|-----------------------------------------------------|----------------------|
| 6.1  | Alicatados                                          | 21,03                |
| 6.2  | Pavimentos baldosa cerámico ou gres                 | 30,05                |
| 6.3  | Pavimentos tarima madeira                           | 36,65                |
| 6.4  | Tabiques de ladrillo, revestido e pintado           | 39,07                |
| 6.5  | Falso teito escaiola                                | 15,02                |
| 6.6  | Falso teito madeira                                 | 22,40                |
| 6.7  | Impermeabilización terraza (sin incluir pavimentos) | 24,04                |
| 6.8  | Persiana enrollable                                 | 37,56                |
| 6.9  | Pintura interior                                    | 4,51                 |
| 6.10 | Porta de paso                                       | euros/Ud<br>150,25   |

**7 - MÓDULOS DE CONSTRUCCIÓN VIVENDAS**

|      |                                                                                                      | euros/m <sup>2</sup> |
|------|------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|
| 7.1  | Vivenda unifamiliar, de nova construción ou ampliacións, de superficie superior a 200 m <sup>2</sup> | 600,00               |
| 7.2  | Vivenda unifamiliar, de nova construción ou ampliacións, de superficie inferior a 200 m <sup>2</sup> | 550,00               |
| 7.3  | En edificio de vivendas colectivas                                                                   | 500,00               |
| 7.4  | Pranta baixa, sin dividir nin pechar                                                                 | 114,01               |
| 7.5  | Pranta baixa, sin dividir, pechada                                                                   | 130,30               |
| 7.6  | Terrazas e balcóns                                                                                   | 130,30               |
| 7.7  | Sótanos                                                                                              | 200,00               |
| 7.8  | Reforma xeral interior sin afectar a estrutura (placas ou cubertas)                                  | 240,24               |
| 7.9  | Reforma xeral interior sin afectar a estrutura nni tabiquería.                                       | 231,39               |
| 7.10 | Reestructuración interior, mantendo fachadas, en edificio de vivenda unifamiliar                     | 340,00               |
| 7.11 | Reestructuración interior, mantendo fachadas, en edificio de vivenda colectiva                       | 305,39               |

**8 - MÓDULOS DE CONSTRUCCIÓN EN EDIFICACIÓN INDUSTRIAIS E AUXILIARES**

|     |                                                                  | euros/m <sup>2</sup> |
|-----|------------------------------------------------------------------|----------------------|
| 8.1 | Nave industrial (sup construída menor de 1.000 m <sup>2</sup> )  | 200,00               |
| 8.2 | Nave industrial (sup construída mayor de 1.000 m <sup>2</sup> )  | 180,00               |
| 8.3 | Garaxes e similares con forxado de teito e cuberta               | 146,58               |
| 8.4 | Edificacións auxiliares uso residencial, de construción sencilla | 358,00               |
| 8.5 | Naves agropecuarias                                              | 103,67               |
| 8.6 | Cobertizos sencillos, sin placa de teito ni peches exteriores    | 69,23                |
| 8.7 | Cobertizos pechados                                              | 100,67               |

**9 - ACONDICIONAMIENTO DE LOCAIS EXISTENTES**

|      |                                                       | euros/m <sup>2</sup> |
|------|-------------------------------------------------------|----------------------|
| 9.1. | Oficinas                                              | 200,44               |
| 9.2  | Comerciais, construción sencilla                      | 172,79               |
| 9.3  | Comerciais, construción normal                        | 228,08               |
| 9.4  | Bancarias                                             | 473,45               |
| 9.5  | Bares, restaurantes, cafeterías, construción sencilla | 200,44               |
| 9.6  | Bares, restaurantes, cafeterías, construción normal   | 314,48               |
| 9.7  | Disco-Bar; Pubs e similares                           | 314,48               |
| 9.8  | Discotecas, construción sencilla                      | 314,48               |
| 9.9. | Discotecas, construción normal                        | 383,60               |

**10 - RAMPAS**

|      |                    | euros/m.l.                    |
|------|--------------------|-------------------------------|
| 10.1 | Canos salvacunetas | 44,80                         |
| 10.2 | Rampa              | euros/m <sup>2</sup><br>15,02 |

## 11 - VARIOS

|       |                        | euros/Ud             |
|-------|------------------------|----------------------|
| 11.1  | Barbacoa, Asador ..... | 1.502,53             |
|       |                        | euros/m <sup>2</sup> |
| 11.2  | Piscina .....          | 132,22               |
| 11.3  | Pavimentos viais ..... |                      |
| 11.31 | Asfálticos .....       | 9,01                 |
| 11.32 | Formigón .....         | 12,02                |
| 11.33 | Beirarrúas .....       | 15,02                |
|       |                        | euros/m.l.           |
| 11.4  | Bordillos.....         | 10,81                |

## 12-MOVIMENTOS DE TERRAS E DERRIBOS

|      |                                                                             | euros/m <sup>2</sup> |
|------|-----------------------------------------------------------------------------|----------------------|
| 12.1 | Rasanteos nivelación, limpeza e desbroce .....                              | 4,20                 |
| 12.1 | Excavación en vaciados, ou recheos .....                                    | 3,30                 |
|      |                                                                             | euros/m.l.           |
| 12.2 | Apertura de zanxas (0,60x0,30m), para conducións .....                      | 2,40                 |
|      |                                                                             | euros/m <sup>2</sup> |
| 12.3 | Demolición cubrición .....                                                  | 4,80                 |
| 12.4 | Demolición completa cubierta .....                                          | 21,03                |
| 12.5 | Demolición tabique fábrica .....                                            | 4,80                 |
|      |                                                                             | euros/m <sup>3</sup> |
| 12.6 | Demolición muros de formigón .....                                          | 42,07                |
| 12.7 | Demolición completa de edificio por empuje de máquina retroexcavadora ..... | 9,01                 |

**ORDENANZA FISCAL Nº 8 REGULADORA DA TAXA POLA ACTIVIDADE ADMINISTRATIVA  
DERIVADA DO OUTORGAMENTO DE LICENZAS, DAS DECLARACIÓNS RESPONSABLES OU DAS  
COMUNICACIÓNS PREVIAS PRESENTADAS PARA A APERTURA DE ESTABLECEMENTOS**

**ARTIGO 1. NATUREZA E FUNDAMENTO**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL en adiante), este Concello acorda a imposición e ordeación da TAXA POLA ACTIVIDADE ADMINISTRATIVA DERIVADA DO OUTORGAMENTO DE LICENZAS, DAS DECLARACIÓNS RESPONSABLES OU DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS PRESENTADAS PARA A APERTURA DE ESTABLECEMENTOS, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal.

**ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE**

1. Constitúe o feito imponible da Taxa a actividade municipal, tanto técnica como administrativa, tendente a verificar se os establecementos industriais, comerciais, profesionais e de servizos, reúnen as condicións de tranquilidade, seguridade, sanidade, salubridade, así como outras esixidas polas correspondentes Ordenanzas ou Regulamentos municipais ou xerais para o seu normal funcionamento, como requisito necesario e previo para o otorgamento por este Concello da Licenza de Apertura á que se refire o artigo 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, ou con ocasión da presentación des declaracións responsables ou comunicacións previas cando sexan esixibles, tanto si esa actividade se produce como consecuencia dunha petición do interesado, como se se orixina por comprobacións ou inspección nos supostos en que se descubra a existencia de actividades que non estén plenamente amparadas pola correspondente licenza, declaración responsable ou comunicación previa.

2. A tal efecto terán a consideración de apertura:
  - a) A instalación por primeira vez da actividade desenvolvida no establecemento para dar comezo a súa actividade.
  - b) A variación ou ampliación da actividade desenvolvida no establecemento, aínda que continúe o mesmo titular.
  - c) A ampliación do establecemento e calquera alteración que se leve a cabo neste e que afecte ás condicións sinaladas no apartado 1 deste artigo.
3. Entenderase por establecemento que esixe a obtención de licenza, ou a presentación de declaración responsable ou comunicación previa, para a súa apertura, toda edificación habitable, estea ou non aberta ó público, que non se destine exclusivamente a vivenda, e que:
  - a) Se adique ó exercicio dalgunha actividade económica de carácter comercial, industrial, de servicios, profesional e artística suxeita ou non ó Imposto sobre Actividades Económicas.
  - b) Aínda sen desenvolverse aquelas actividades, sirvan de auxilio ou complemento para as mesmas, ou teñan relación con elas na forma que lles proporcione beneficios ou aproveitamento, como, por exemplo, sedes sociais, axencias, delegacións ou sucursais de entidades xurídicas, escritorios, oficinas, despachos ou estudos.
4. Terá tamén a consideración de feito imponible desta taxa a actividade municipal, tanto técnica como administrativa, tendente a verificación do cumprimento dos requisitos esixidos para:
  - a) Apertura de furanchos.
  - b) Instalación de quioscos de tempada nas praias.
  - c) Instalación de quioscos de tempada en terreos privados.

### *ARTIGO 3. SUXEITO PASIVO*

Son suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria titulares da actividade que se pretende realizar que inicien o expediente de solicitude de licenza ou presenten a declaración responsable ou comunicación previa, ou, no seu caso, os titulares das actividades que xa se veña desenvolvendo en calquera establecemento industrial ou mercantil en xeral.

### *ARTIGO 4. RESPONSABLES TRIBUTARIOS*

1. Serán responsables solidarios das débedas tributarias as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios das débedas tributarias as persoas ou entidades a que se refire o artigo 43 da lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

### *ARTIGO 5. BASE IMPOÑIBLE E TARIFAS*

Constitúe a base imponible desta Taxa:

1. O importe da cota correspondente no Imposto recollida no Real Decreto Legislativo 1175/1990, de 28 de setembro, que aproba as Tarifas e Instrucción do I.A.E..
2. Se por aplicación do procedemento previsto no apartado anterior, non fose posible determinar a base imponible, considerarase como tal a renda anual que corresponda ó establecemento, cuxa determinación farase observando as seguintes regras:
  - a) Cando o suxeito pasivo sexa propietario, usufrutuario ou titular dunha concesión administrativa sobor do establecemento, a renda anual será a que resulte de aplicar o tipo de interes legal publicado na Lei de Orzamentos Xerais do Estado, ó valor catastral que dito establecemento teña sinalado no I.B.I.
  - b) Nos demais casos, a renda anual será a que se satisfaga por cada establecemento, por razón de contrato de arrendo, subarrendo, cesión ou calquera outro título que ampare a súa

ocupación, con inclusión dos incrementos ou cantidades asimiladas á renda, no seu caso. Se no contrato aparecen pactadas diferentes rendas para períodos distintos, tomaráse como base a maior, aínda que corresponda a períodos anteriores ou posteriores á solicitude da licenza ou presentación da declaración responsable ou comunicación previa. Cando a renda pactada sexa inferior á que resultase de aplicar a regra 1 anterior, tomarase como base imponible esta última.

- c) Cando nun mesmo local existan, sen discriminación no título de ocupación do mesmo, espazos destinados a vivenda e establecemento suxeito a esta taxa, a base imponible deste último será a que, proporcionalmente a súa superficie, lle corresponda no importe total de renda anual que, conforme ás regras precedentes, se impute a dito local.
- d) Cando se trate da ampliación do establecemento, a base imponible será a renda anual que corresponda á superficie na que se ampliou o local, calculada conforme ó previsto nas regras anteriores.

As tarifas a aplicar serán as seguintes.

- 1. Instalación en solo urbano: 300 % sobre a base imponible determinada no parágrafo anterior.
- 2. Instalación no resto do Concello: 250 % sobre a base imponible determinada no parágrafo anterior.

Os establecementos que se califiquen de molestos, insalubres, nocivos ou perigosos, satisfarán con respecto á cota anterior, un recargo do 50 % sobre a citada tarifa.

- 3. Traslados de local: tributarán un 80 % do establecido para a primeira instalación.
- 4. Ampliacións ou trocos de clasificación: As ampliacións tributarán como primeira instalación, pola parte de actividade ampliada. Os trocos de clasificación tributarán como primeira instalación, pola diferenza entre a cota asignada á nova actividade e a que se exercera no mesmo local, con un mínimo de 150,25 €.
- 5. Trocos de titularidade: tributarán como primeira instalación, salvo que a autorización para troco de titularidade se solicite dentro do prazo de dous anos a partir da data de concesión de licenza municipal ó anterior titular ou da data de presentación da declaración responsable ou comunicación previa, aboando, neste último caso, a cantidade de 150,25 €.
- 6. Os almacéns sitos no termo municipal, que sexan auxiliares de establecementos comerciais ou industriais, satisfarán en concepto de apertura:

Menores de 150 m<sup>2</sup> ..... 90,15 €.

Maiores de 150 m<sup>2</sup> ..... 120,20 €.

- 7. Os negocios de apertura por tempada, tributarán o 50 % do que lle correspondería como tarifa normal, sexa cal sexa a duración da tempada (máximo de seis meses).

Índices correctores: Ás cotas tributarias resultantes aplicaráselles o índice corrector que a continuación se menciona: Industrias ubicadas en zona calificada de Solo Industrial, segundo das N.S.M. O,8.

- 8. Para a apertura de furanchos:

- Ata 250 litros.....30,05 €.
- Ata 500 litros.....60,10 €.
- Ata 750 litros.....90,15 €.
- Ata 1000 litros.....120,20 €.
- Ata 1250 litros.....150,25 €.
- Ata 1500 litros.....180,30 €.
- Ata 1750 litros.....210,35 €.
- Ata 2000 litros.....240,40 €.

- 9. Para instalación de quioscos de tempada en praias e fincas privadas: 27,00 €.

Os efectos das licenzas outorgadas, ou das declaracións responsables e comunicacións previas presentadas caducarán:

- Ós seis meses , se en dito prazo o establecemento non fóra aberto ó público.
- Se despois de ter comenzado o establecemento as súas actividades, permanecese pechado máis de doce meses seguidos.

O Concello fai especial reserva da facultade que lle otorgan as Leis e Regulamentos vixentes, de intervir administrativamente respecto de aqueles establecementos comerciais ou industriais que carezan das condicións que esixen as disposicións legais vixentes para cada actividade.

Se o interesado desistira da obtención de licencia antes de recaer acordo municipal de concesión, a cota quedará reducida ó 10 % da que tería correspondido en caso de ser concedido, sempre e cando non tivera aberto o local en ningún intre.

#### *ARTIGO 6. EXENCIONES E BONIFICACIONES*

Non se concederá exención ou bonificación algunha na exacción da presente taxa.

#### *ARTIGO 7. DEVENGO.*

1. A taxa devégase e nace a obriga de contribuir, cando se inicie a actividade municipal que constitúe este feito imponible. A estos efectos, entenderase iniciada dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude, declaración responsable ou comunicación previa, se o suxeito pasivo formulase expresamente esta.
2. Cando a apertura tivera lugar sen ter obtido a oportuna licenza ou ter presentado a oportuna declaración responsable ou comunicación previa, a taxa devengarase cando comence efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se o establecemento reúne ou non as condicións esixibles, con independencia do expediente administrativo que poida instruírse para autorizar a apertura do establecemento.
3. A obriga de contribuir, unha vez nacida, non se verá afectada de ningún modo pola denegación da licenza solicitada ou pola concesión desta condicionada á modificación das condicións do establecemento, non pola renuncia ou desestimento do solicitante unha vez concedida a licenza, ou presentada a declaración responsable ou comunicación previa.

#### *ARTIGO 8. XESTIÓN, LIQUIDACIÓN E RECADACIÓN*

1. [As taxa regulada nesta Ordenanza esixíranse en réxime de autoliquidación, as persoas interesadas na tramitación da licenza ou autorización que constituía o feito imponible desta taxa, ou as persoas que formulen as declaracións responsables ou comunicacións previas, presentarán previamente no Rexistro Xeral a oportuna solicitude, acompañando o xustificante de ter pagada a taxa correspondente, sin cuio requisito non será tramitado o mesmo.
2. [Se despois de formulada a solicitude de licenza de apertura ou despois de formulada a declaración responsable ou comunicación previa se variase ou ampliase a actividade a desenvolver, ou se alterasen as condicións proxectadas, estas modificacións deberán pórse en coñecemento da Administración Municipal.
3. [Finalizada a actividade municipal que proceda respecto da licenza de apertura, ou da declaración responsable ou comunicación previa formulada polos interesados, practícarase, no seu caso, liquidación definitiva correspondente da que se deducirá o importe ingresado en concepto de autoliquidación, e notificaráselle ós interesados conforme ó establecido na Lei Xeral Tributaria.
4. [Cando o suxeito pasivo sexa propietario, usufrutuário ou concesionario do establecemento e, o local non teña sinalado valor catastral sendo este preciso para determinar o importe da base imponible, a autoliquidación efectuarase tendo en conta o valor de merca ou, no seu caso, o custo de construción do referido local. Unha vez fixado o valor catastral, practícarase

liquidación definitiva que proceda, liquidando para o seu ingreso a diferenza ou devolvéndose, se así procedera, ó interesado o exceso ingresado na autoliquidación.

#### *ARTIGO 9. INFRANCIÓNS E SANCIÓN*

No relativo á cualificacións de Infranciós Tributarias, así como ó relativo ás sancións que correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

#### *DISPOSICIÓN FINAL*

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor e será de aplicación, unha vez aprobada con carácter definitivo polo Pleno do Concello, ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

### **ORDENANZA FISCAL Nº 11 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS URBANÍSTICOS**

#### *ARTIGO 1. NATUREZA E FUNDAMENTO*

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL en adiante), este Concello acorda a imposición e ordeación da taxa por pola prestación de servizos urbanísticos que se rexerá polo disposto na presente Ordenanza Fiscal, que se axusta ó previsto no TRLRFL.

#### *ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE*

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación dos servizos técnicos e administrativos xenerados pola concesión ou denegación das licenzas que preceptivamente deban solicitarse do Concello para a execución de calquera clase de construción, instalación ou obra dentro do termo municipal, a realización das actividades administrativas de control nos supostos en que a esixencia da licenza fora substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa, así como a prestación de calquera outro servizo urbanístico.

#### *ARTIGO 3. SUXEITO PASIVO*

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria que sexan propietarias ou poseedoras ou, no seu caso, arrendatarias, dos inmobles nos que se realicen as construcións, instalacións ou obras
2. Terán a consideración de substitutos do contribuínte os constructores e os contratistas das obras.
3. Cando o feito imponible o constitúa a prestación de calquera outro servizo urbanístico diferente da solicitude de preceptiva licenza de obra ou da realización das actividades administrativas de control nos supostos en que a esixencia da licenza fora substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa, será suxeito pasivo obrigado ó pagamento da taxa prevista nesta Ordenanza a persoa natural ou xurídica solicitante e/ou titular do servizo ou documento.

#### *ARTIGO 4. BASE IMPOÑIBLE E COTA TRIBUTARIA*

Constitúe a base imponible da taxa, o custo de tramitación dos expedientes suxeitos á preceptiva licenza, declaración responsable ou comunicación previa, e da prestación dos restantes servizos urbanísticos definidos como feito imponible desta taxa.

A cota tributaria consistirá na cantidade resultante de aplicar unha tarifa, unha cantidade fixa sinalada ó efecto ou, a cantidade resultante da aplicación de ambos procedementos conforme re recolle neste artigo:

- Licenza de primeira ocupación:  
Vivendas unifamiliares: 130,00 €.  
Edificios de vivendas: 80,00 € por vivenda ou local.
- Modificación de uso dos edificios e instalacións en xeral: 80,00 €.
- Parcelacións e reparcelacións urbanísticas: 0,18 €/m<sup>2</sup>. Taxa mínima 90,00 €.
- Autorizacións previas en Solo Non Utilizable: 45,00 €.
- Información urbanística: 35,00 €.
- Certificación urbanística: 35,00 €.
- Condicións de edificabilidade: 50,00 €.
- Alineacións, rasantes e sinalamento de trazados: 65,00 €.
- Resto de licenzas urbanísticas de obra, declaracións responsables ou comunicacións previas: 0,25 % do orzamento aportado. Taxa mínima 50 €.

#### *ARTIGO 5. EXENCIONES E BONIFICACIONES*

Non se concederá exención ou bonificación algunha na exacción da presente taxa.

#### *ARTIGO 6. DEVENGO*

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir, cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible. A estos efectos, entenderase iniciada a devandita actividade na data de presentación da oportuna solicitude que inicie a tramitación do expediente, que non se tramitará, no seu caso, sin que previamente se efectúe o pago correspondente, ou cando se presente a declaración responsable ou comunicación previa.
2. Tratándose de obras que estean iniciadas ou executadas sin ter presentado a oportuna solicitude de licencia, declaración responsable ou comunicación previa, a taxa devengarase cando se inicie a actividade municipal conducente a determinar si a obra en cuestión se axusta ós requisitos que no seu caso sexan de aplicación, con independencia da iniciación do expediente administrativo de infracción urbanística.
3. A obriga de contribuir, unha vez nacida, non se verá afectada en modo algún pola renuncia ou desistimento do solicitante, unha vez adoptado polo órgano competente o acordo de emisión do documento gravado ou pola denegación de licenza solicitada ou concesión de esta condicionada á modificación do proxecto.
4. Cando por causas non imputables ó suxeito pasivo, a actividade administrativa non se preste ou desenvolva procederá a devolución do importe correspondente.

#### *ARTIGO 7. XESTIÓN*

1. As taxas reguladas nesta Ordenanza esixiranse en réxime de autoliquidación, as persoas interesadas na recepción dun servizo urbanístico que constitúa o feito imponible presentarán previamente no Rexistro Xeral a oportuna solicitude, acompañando o xustificante de ter pagada a taxa correspondente, sin cuio requisito non será tramitado o expediente.
2. No suposto de solicitudes presentadas sin ter aboado o importe correspondente da taxa, o departamento de urbanismo dará traslado da mesma ó departamento de rendas para que se practique a oportuna liquidación que será notificada ó suxeito pasivo para o seu ingreso nos prazos establecidos no regulamento xeral de recaudación, sin que se proceda á tramitación do expediente, nin surta efectos a declaración responsable ou comunicación previa ata que se acredite o pago da taxa.

**ARTIGO 8. INFRANCIÓNS E SANCIÓN**

No relativo á cualificacións de Infraccións Tributarias, así como ó relativo ás sancións que correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor e será de aplicación, unha vez aprobada con carácter definitivo polo Pleno do Concello, ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

A Entrada en vigor terá lugar unha vez publicado, tal e como establece o artigo 17.4 do TRLRFL

En Bueu a 12 de xuño de 2013.—O Alcalde, Félix Juncal Novas.

**2013005825**

\* \* \*

**CRECENTE****EDICTO**

Formulada e rendida a Conta Xeral do Orzamento deste Concello, correspondente ó exercicio 2012, e informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas, expónse ó público cóos documentos que a xustifican na Intervención desta Entidade, durante quince días hábiles, contados a partires do seguinte á inserción deste edito no Boletín Oficial da Provincia, para que poida ser examinada e formular os reparos e observacións que estimen pertinentes, durante este prazo de exposición e os oito días seguintes, de conformidade cóo disposto no artigo 212 TRLFL aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Crecente, a 20 de xuño de 2013.—O Alcalde en funcións, Marisol Gómez Domínguez.

**2013005966**

\* \* \*

**CUNTIS****EDICTO**

De conformidade coo disposto nos artigos 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, faise público, mediante a publicación do presente edicto no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e no BOP, a notificación de inicio de expediente de renovación da inscrición no Padrón de habitantes de persoa estranxeira sen permiso de residencia permanente, xa que intentada no último domicilio da persoa destinataria non foi posible practicala.

A persoa interesada poderá comparecer nas oficinas municipais no prazo de 15 días para coñecer o contido íntegro do acto obxecto da notificación e deixar constancia dela.

*Nome e apelidos*

*Último enderezo coñecido*

ISLAM MD SHEFAT

r/OLIMPIO ARCA NÚM. 7-2º

36670 CUNTIS

Cuntis, a 14 de xuño de 2013.—O Alcalde, Antonio Pena Abal.

**2013005895**

\* \* \*

## **LALÍN**

### *Decreto da alcaldía*

Con data 8 de abril de 2013 a Xuíza-Encargada do Rexistro Civil de Lalín ditou Auto no expediente gubernativo sobre solicitude para a celebración de matrimonio civil, seguido baixo o número 2/2013 (registro de entrada nº 2132 de 15 de abril), autorizando a celebración de dito matrimonio entre D. TIAGO MANUEL LEAL SAMPAIO (Nº Identificación portugués 10766426) e D<sup>a</sup> MARÍA PILAR LÓPEZ ROMERO (DNI 36131068-T), a celebrar o vindeiro día 22 de xuño de 2013 e delegando no Sr. Alcalde ou Concelleiro do Excmo. Concello de Lalín para que reciba o consentimento matrimonial.

En base ao anteriormente exposto e de conformidade co disposto nos artigos 49 e 51 do Código Civil, 21.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local e 43.3 do Real Decreto 25/68/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídica das entidades locais,

### *DISPONGO*

*Primeiro.*—Delegar no Concelleiro, D. Manuel Fernández López, a celebración e recepción do consentimento do matrimonio civil entre D. Tiago Manuel Leal Sampaio (Nº Identificación portugués 10766426) e D<sup>a</sup> María Pilar López Romero (DNI 36131068-T), a celebrar na casa consistorial do Concello de Lalín o día 22 de xuño de 2013 ás 13:00 horas.

*Segundo.*—Autorizar a utilización do Salón de Plenos do Concello para a celebración de dito matrimonio.

*Terceiro.*—Ordenar a publicación da presente resolución no BOP e dar conta da mesma ao Concello Pleno na primeira sesión que se celebre.

Mandouno e asinouno en Lalín D. José Crespo Iglesias, Alcalde de Lalín, o día dezasete de xuño de dous mil trece.—O Alcalde-Presidente, José Crespo Iglesias.—Diante de min: o Secretario Xeral, César López Arribas.

**2013005896**

\* \* \*

## **REDONDELA**

### **A N U N C I O**

Por Resolución da Alcaldía de data 17 de xuño de 2013 aprobáronse as seguintes:

### **BASES REGULADORAS DE CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES, ANO 2013**

#### *PRIMEIRA. DEFINICIÓN*

Estas bases teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para a concesión das subvencións da Concellería de Participación Cidadá para o ano 2013 de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxetividade, igualdade e non discriminación.

Búscase ademais, nestes momentos de crise económica, eficiencia na asignación e a maximización no reparto dos recursos existentes para a realización de actividades que complementen ou suplan aos de competencia municipal.

*SEGUNDA. OBXECTO DA SUBVENCIÓN*

A Concellería de Participación Cidadá ten como obxectivo fomentar a realización de actividades nas parroquias do Concello de Redondela para contribuír ao desenvolvemento das relacións entre a veciñanza e á súa vinculación coa súa contorna.

Quedan excluídos da presente convocatoria e polo tanto non serán obxecto de subvención as seguintes actividades:

- Os gastos de funcionamento e os gastos correntes das entidades
- As viaxes de ocio, as festas gastronómicas e as festas populares
- A edición de libros e revistas
- Conferencias e charlas (incluídos os ciclos)

*TERCEIRA. IMPORTE DA SUBVENCIÓN*

O crédito global que se dispón para o outorgamento das subvencións a conceder será de 25.000 euros con cargo á partida 9241A/489.000 do orzamento vixente.

En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade a desenvolver polo beneficiario. Se así fóra, este feito daría lugar a unha modificación da resolución da concesión. Así mesmo, toda alteración das condicións para a concesión da subvencións poderá dar lugar, no seu caso, á modificación do acordo de concesión.

Declárase a compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

*CUARTA. BENEFICIARIOS*

Terán a consideración de entidade beneficiaria das subvencións que outorgue este Concello a persoa que realice a actividade que fundamentou o seu outorgamento ou que se atope na situación que lexitima a súa concesión.

Poderán solicitar as subvencións reguladas na presente convocatoria as asociacións de veciños, os centros sociais parroquiais e as federacións de asociacións de veciños, todos eles con ámbito de actuación no Concello de Redondela, que se atopen constituídas en forma e debidamente legalizadas no momento en que finalice o prazo de presentación de solicitudes e que reúnan os seguintes requisitos:

- 1.— Ser unha entidade sen ánimo de lucro
- 2.— As asociacións ou entidades deberán estar inscritas no rexistro municipal de asociacións do Concello de Redondela
- 3.— Ter debidamente xustificadas as subvencións concedidas en anteriores convocatorias, ou ben ter solicitada unha prórroga debidamente xustificada e aprobada, ou ben ter presentado unha renuncia por escrito.

En ningún caso poderán ser beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases en quenes se dea algunha das circunstancias que recolle o artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

*QUINTA. DOCUMENTACIÓN*

As entidades interesadas en acollerse aos beneficios destas Bases presentarán as solicitudes no Rexistro de Entrada do Concello de Redondela dirixidas ao Alcalde ou a través de calquera das formas

sinaladas no artigo 38.4 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común no modelo normalizado que se facilitará no propio Rexistro.

Se as entidades non reuniran os requisitos esixidos nestas bases e no resto da normativa de aplicación, requiriráselle para que subsane as deficiencias en dez días, con indicación expresa de se non o fixese, teráselle por desistido na súa solicitude despois da correspondente Resolución, de acordo co disposto no artigo 71 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### SEXTA. PRAZO DE SOLICITUDE

Estas Bases publicaranse na páxina web do Concello de Redondela e no Boletín Oficial da Provincia. O prazo de solicitude será de quince días hábiles contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

#### SÉTIMA. CONCESIÓN DE SUBVENCIONS

O procedemento de outorgamento destas subvencións é o de concurrencia competitiva polo que a súa concesión realizarase mediante a comparación das solicitudes presentadas coa finalidade de establecer unha prelación entre elas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nestas bases e adxudicar as subvencións según as valoracións.

As entidades solicitantes poderán solicitar axudas para un máximo de dúas actividades. Os criterios de valoración son os que de seguido se relacionan:

- 1.—Terase en conta o número de socias/os que teña a entidade solicitante:

| <i>Número de Socias/os</i> | <i>Puntuación</i> |
|----------------------------|-------------------|
| Entre 0 e 50               | 10                |
| Entre 51 e 100             | 20                |
| Entre 101 e 150            | 30                |
| Máis de 150                | 40                |

- 2.—Terase en conta a repercusión da actividade na parroquia de acordo ao seguinte baremo:

| <i>Participantes</i> | <i>Puntuación</i> |
|----------------------|-------------------|
| Entre 0 e 9          | 10                |
| Entre 10 e 19        | 20                |
| Entre 20 e 40        | 30                |
| Máis de 40           | 40                |

- 3.—Terase en conta a duración no tempo das actividades a realizar de acordo ao seguinte baremo:

| <i>Duración no tempo</i> | <i>Puntuación</i> |
|--------------------------|-------------------|
| Máis de 75 horas         | 40                |
| Entre 51 e 75 horas      | 30                |
| Entre 25 e 50 horas      | 20                |
| Menos 25 horas           | 10                |

- 4.—A administración valorará o tipo de actividade de acordo ao seguinte baremo:

| <i>Tipo de actividade</i>                  | <i>Puntuación</i> |
|--------------------------------------------|-------------------|
| Actividades de formación                   | 50                |
| Actividades destinadas á promoción persoal | 30                |
| Outras actividades                         | 20                |

A tipoloxía da actividade será determinada pola Administración de acordo cos seguintes criterios:

- a) Terán carácter de actividades formativas os cursos que estean orientados á búsqueda ou adquisición de coñecementos que permitan o desenvolvemento laboral como por exemplo cursos de: búsqueda de emprego, idiomas, informática, electricidade, fontanería, bricolaxe, restauración, corte e confección, etc.
- b) Terán a consideración de actividades de promoción persoal aquelas destinadas ao desenvolvemento persoal tanto físico como psíquico como por exemplo cursos de: ximnasia, tai – chi, axilidade mental, autoestima, baile (tradicional ou moderno), música, fotografía, coñecemento da contorna, etc.
- c) As outras actividades que non se poidan acomodar en ningún dos anteriores apartados terán a consideración de outras actividades.

A cantidade prevista na Base terceira para estas subvencións dividirase entre a suma da puntuación obtida por todas as actividades para as que se solicita a axuda. O cociente desa división multiplicarase polos puntos obtidos na valoración de cada actividade, sendo o devandito resultado o importe da subvención que se proporá outorgar polo Concello.

#### **OITAVA. PROCEDEMENTO**

Será o/a intrutor/a do procedemento o/a funcionario/a de Participación Cidadá, quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales formulará a proposta de resolución. Tamén será a/o encargada/o de requirir ás entidades solicitantes a subsanación de deficiencias.

Avaliadas as solicitudes polo/a instrutor/a segundo os criterios, formas e prioridades establecidas nestas bases elevarase a unha comisión de valoración integrada pola Concelleira de Participación Cidadá que actuará de presidenta, dúas/dous concelleiras/os e dúas/dous traballadoras/es, sendo unha/un delas/es a/o funcionaria/o de Participación Cidadá, esta/e última/o actuará como Secretaria/o con voz pero sen voto.

A/o instrutor/a, tras a acta da comisión, formulará proposta de resolución provisional debidamente motivada.

No caso de que na valoración a comisión ou o/a instrutor/a utilizaran datos diferentes dos aportados polas entidades abrírase un prazo de dez días para todas/os as/os interesadas/os poideran presentar as alegacións que estimaran oportunas. Tras examinar as alegacións presentadas, de ser o caso, o/a instrutor/a formulará proposta de resolución definitiva.

De non presentarse alegacións, ou no caso de que este trámite non fose necesario con arranxo a esta base, a proposta de resolución provisional terá o carácter de definitiva, debendo expresar os solicitantes para os que se propón a concesión de subvencións e a súa contía, especificando a súa avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectuala. Xunto coa proposta, a instrutora emitirá un informe no que se estableza que da información que consta no seu poder despréndese que as entidades beneficiarias cumpren con todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

O Concello permitirá sempre antes de ditar a Resolución concedendo as subvencións, que as entidades poidan cambiar algunha das actividades para as que solicitaron a axuda. A nova actividade será valorada segundo os criterios establecidos na base sétima. Se a puntuación resultante fose maior, outorgaráselle a puntuación da actividade modificada. No caso de que a puntuación sexa menor, outorgaráselle a puntuación menor.

#### **NOVENA. RESOLUCIÓN**

Posteriormente, á proposta pasará á Intervención Municipal para que realice a súa fiscalización de acordo co Real Decreto Lexislativo 20/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A partir da proposta e tras o informe da Intervención Municipal, a Alcaldía concederá as subvencións mediante Resolución na que se especifique a relación de entidades ás que se lles concede a axuda e a desestimación das restantes solicitudes.

Contra este acordo, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes dende o día seguinte ao da súa notificación de acordo co establecido no artigo 116.1 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa notificación, conforme aos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, de 3 de xuño, Contencioso-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este resolverase e notificarase no prazo dun mes segundo establece o artigo 117.2 da citada Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de acordo co artigo 43.2 da Lei 30/92, podendo entón as entidades interesadas interpoñer recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de seis meses contados dende o día seguinte a aquel en que se deba entender presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, de acordo co artigo 46.1 e 4 da Lei 29/98.

O acordo de concesión non terá obrigatoriamente que distribuír a totalidade do crédito.

O prazo máximo para resolver será de tres meses contados a partir da finalización do prazo para a solicitude das subvencións. Transcorrido o devandito prazo, as entidades solicitantes ás que non se lles notifique resolución expresa, entenderán que a súa solicitude foi denegada.

As axudas teñen carácter voluntario e polo tanto non existe obriga de concesión a todas as solicitudes que se presenten. Non xerarán ningún dereito a obtención doutras subvencións en anos anteriores, e non se poderán alegar como precedente.

#### *DÉCIMA. PRAZO DE NOTIFICACIÓN*

O outorgamento das subvencións notificarase aos interesados de acordo co establecido nos artigos 58 e 59 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Se no prazo de dez días a entidade beneficiaria non manifestara o contrario, entenderase que acepta a subvención quedando suxeito ás obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións a entidades sen fines de lucro.

#### *UNDÉCIMA. OBRIGAS DO BENEFICIARIO*

As entidade beneficiarias das subvencións terán que atenerse ás seguintes obrigas:

- 1.—Cumprir co obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións de acordo coa memoria presentada.
- 2.—Xustificar ante o Concello de Redondela o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade pola que se concedeu a subvención.
- 3.—Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requerida no exercicio das actuacións anteriores.
- 4.—Comunicar ao Concello de Redondela a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza.

5.—Acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

6.—Facer constar naquelas actividades que así o permitan, que conta coa subvención do Concello de Redondela. Na publicidade impresa deberá constar o escudo e o nome do Concello de Redondela.

7.—Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 38 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

8.—Desenvolver a actividade subvencionada no término municipal de Redondela.

9.—As persoas xurídicas deberán estar validamente constituídas e rexistradas.

Se a entidade beneficiaria fose debedora con motivo dunha débeda vencida, líquida e esixible, a Alcaldía, poderá acordar a compensación.

Asemade, non será posible efectuar ningún pagamento por concesións de subvencións cando transcorrera o período de tempo para xustificar a aplicación de fondos sen que se cumprira este requisito.

O Concello de Redondela poderá en calquera momento do procedemento do expediente administrativo da subvención solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.

#### *DUODÉCIMA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO*

A xustificación deberá presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Redondela antes do 1 de decembro do ano da solicitude.

Este prazo poderá prorrogarse ata un máximo de quince días naturais a petición razoada do solicitante e sempre que así o acorde o órgano que concedeu a subvención contando os quince días dende a notificación do acordo da prórroga. Para isto, a petición da prórroga realizarase antes da finalización do prazo da xustificación da subvención.

Este prazo entenderase sen prexuízo do prazo de dez días que se concederá no caso de presentación incompleta ou defectuosa para a súa rectificación.

A xustificación, que será obrigatoria para o libramento dos fondos por parte do Concello, suporá a acreditación do cumprimento do obxecto da subvención concedida. Coa xustificación deberase acompañar o importe do resto dos fondos que financien a actividade subvencionada, así como a súa procedencia.

A xustificación, que será baixo a responsabilidade do declarante, farase coa presentación no Rexistro de entrada do Concello do formulario correspondente, debidamente cuberto, que conterá a documentación xustificativa dos gastos realizados e a certificación das actividades realizadas coa finalidade para a que foi concedida a subvención.

Á súa vez, aquelas entidades beneficiarias ás que se lle outorgara unha contía que superase os 3.000 euros deberán achegar certificados de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social. O resto de entidades beneficiarias presentará unha declaración responsable de acordo co establecido no artigo 24.5 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Con carácter xeral, a xustificación realizarase mediante facturas orixinais ou compulsadas directamente relacionadas co obxecto da subvención e correspondentes ao período para o que esta foi concedida. No caso de que a entidade beneficiaria xustifique a subvención mediante facturas compulsadas, deberá presentar as facturas orixinais para que conste nelas carimbo do Concello no que se indique que estas foron utilizadas para xustificar unha subvención do Concello. As facturas deberán conter os seguintes datos:

- 1.—Emisión da persoa ou entidade beneficiaria con especificación do seu NIF ou CIF e enderezo fiscal.
- 2.—Identificación completa do proveedor, especificando a súa denominación, NIF ou CIF e enderezo fiscal.
- 3.—Número de factura.
- 4.—Lugar e data da emisión da factura.
- 5.—Descrición suficiente da subministración realizada ou do servizo prestado, reflectindo as unidades obxecto do servizo ou subministración, cantidade e prezos unitarios de cada unha delas, contraprestación total, tipo tributario e cota do IVE.
- 6.—Período que corresponda.
- 7.—Carimbo ou lenda de “cobrado”, “pagado”, “recibín” ou similar.

Só serán gastos subvencionables os que respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido e que ademais estean efectivamente pagados con anterioridade á xustificación da subvención, salvo nos casos dos pagos a conta.

Os documentos xustificativos corresponderán a gastos realizados dende que comezou a/as actividade/s subvencionadas ata que finalice o prazo de xustificación.

En ningún caso se admitirán como xustificantes de gastos as cantidades satisfeitas ao Concello de Redondela polo uso das instalacións nin como de calquera tributo ou prezo público satisfeito ao Concello. Tampouco serán gastos xustificables os intereses debedores de contas bancarias, os intereses, recargos e sancións administrativas e os gastos de procedementos xudiciais.

Se as axudas doutras Administracións Públicas son superiores ás previstas ou declaradas polo beneficiario no momento da solicitude e fan que superen, xunto coa subvención destas bases, a contía total de gastos o importe da subvención verase reducida na cantidade que corresponda para que o gasto non sexa inferior ás axudas.

Vista a documentación xustificativa presentada, o órgano instrutor da base oitava procederá á valoración de se, coa xustificación presentada por cada beneficiario, se cumpre coa finalidade básica da subvención. Posteriormente, de ser favorable a valoración, as xustificacións e a proposta que elaborará a Concelleira de Participación Cidadá a partir das devanditas valoracións se fiscalizarán pola Intervención Municipal.

Tras a xustificación, a proposta da Concelleira e a fiscalización da Intervención Municipal o órgano competente resolverá facendo mención expresa á que se produciu a comprobación da realización da actividade e o cumprimento da xustificación e nese caso, proporase que se lle recoñeza a obriga e que se efectúe o correspondente pago.

O importe xustificado será coma mínimo o importe subvencionado. No caso de que a entidade beneficiaria non xustifique a totalidade do gasto da subvención concedida realizarase o libramento dos fondos polo importe xustificado, sempre e cando se cumpran co resto dos requisitos destas Bases.

Se non se presenta a xustificación dentro do prazo (inicial ou prorrogado), por resolución da Alcaldía iniciárase o expediente de anulación do correspondente compromiso por revocación da concesión da subvención.

#### ***DÉCIMO TERCEIRA. PUBLICIDADE DO PROCEDEMENTO DA CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN DAS BASES***

Procederáse á publicación no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web do Concello de Redondela e no Taboleiro de Anuncios do Concello. Asemade cando algunha das subvencións concedidas a un beneficiario sexa superior a 3.000 euros procederáse á publicación no Diario Oficial de Galicia dun

extracto do acordo de concesión das subvencións indicando os lugares onde se atopa exposto o seu contido íntegro. En todo caso, o acordo de concesión será exposto polo prazo de 30 días no Tabloeiro de Anuncios do Concello onde se recollerá a convocatoria, o crédito orzamentario, os beneficiarios, a cantidade concedida e a finalidade ou finalidades da subvención.

#### *DÉCIMO CUARTA. DEVOLUCIÓN E REINTEGRO DA SUBVENCIÓN*

As axudas concedidas deberán devolverse ou reintegrarse nos seguintes casos:

1.—A declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulación da subvención, que levará consigo a obriga de devolver as cantidades percibidas.

2.—Tamén procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do interese de demora correspondente, nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, dende o momento de pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro. As cantidades reintegradas terán o carácter de dereito público.

#### *DÉCIMO QUINTA. INSPECCIÓN E CONTROL*

O Concello de Redondela a través da Intervención Municipal poderá realizar as comprobacións que estime oportunas respecto das actividades subvencionadas e terá acceso a toda a súa documentación xustificativa. Asemade será de aplicación o Título III da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### *DÉCIMO SEXTA. INFRACCIÓN E SANCIÓN*

Estas Bases quedan en materia de infraccións e sancións ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### *DÉCIMO SÉTIMA. RÉXIME XURÍDICO APLICABLE*

Estas Bases e as subvencións que se concedan de acordo con elas efecturaránse de conformidade coa normativa aplicable seguinte:

- 1.—Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 2.—Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- 3.—Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- 4.—Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.
- 5.—Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- 6.—Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- 7.—Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Redondela.
- 8.—As Bases de execución do Orzamento do Concello de Redondela
- 9.—Demais normativa aplicable.

#### *ANEXOS*

A continuación modelos de solicitudes.

## Páxina I

## Solicitud de Subvención

Referencia (a cubrir pola administración):

|                                              |  |
|----------------------------------------------|--|
| <b>Entidade</b>                              |  |
| CIF                                          |  |
| Enderezo Fiscal (Lugar, núm., parroquia, CP) |  |
| Teléfono                                     |  |
| Fax                                          |  |
| Email                                        |  |

|                                       |  |
|---------------------------------------|--|
| <b>Representante legal</b>            |  |
| Cargo da/o representante              |  |
| NIF                                   |  |
| Enderezo (Lugar, núm., parroquia, CP) |  |
| Teléfono do representante             |  |

## EXPÓN:

- Que acepta, despois de ler e coñecer, as bases da convocatoria de subvencións para comedor escolar da Concellería de Participación Cidadá
- Que os datos indicados na solicitude son certos

## SOLICITA:

Que se lle conceda un subvención polo importe de \_\_\_\_\_ euros para a realización das actividades que se detallan na páxina II conforme ás Bases Reguladoras para a concesión de subvencións para actividades ano 2013 o importe de:

## Documentación a presentar

- 1.- Modelo de Solicitud
- 2.- Memoria detallada de cada actividade (páxina II)
- 3.- Declaración expresa responsable (páxina III)
- 4.- Declaración doutras axudas (páxina IV)
- 5.- Certificación dos datos bancarios da entidade (páxina V)
- 6.- CIF da entidade solicitante
- 7.- NIF do representante

Redondela, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2013

Asdo.: (Presidenta/e ou representante legal da entidade)

## Páxina II

## Memoria de Solicitud

## Cubrirase unha folia por cada actividade

|          |  |
|----------|--|
| Entidade |  |
|----------|--|

|                            |  |
|----------------------------|--|
| Denominación da actividade |  |
|----------------------------|--|

|                          |  |
|--------------------------|--|
| Obxectivos da actividade |  |
|--------------------------|--|

|                                                                                                                                                                                  |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Número de socias/os: Entre 0 e 50 <input type="checkbox"/> Entre 51 e 100 <input type="checkbox"/> Entre 101 e 150 <input type="checkbox"/> Máis de 150 <input type="checkbox"/> |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

|                                                                                                                                                                                 |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Número de participantes: Entre 0 e 9 <input type="checkbox"/> Entre 10 e 19 <input type="checkbox"/> Entre 20 e 40 <input type="checkbox"/> Máis de 40 <input type="checkbox"/> |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

|                                                                                                                                              |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Colaboran outras entidades nesta actividade? NON <input type="checkbox"/><br>SI <input type="checkbox"/> en caso afirmativo cubrir páxina IV |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

|                                                                                                                                                                                                                    |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Duración no tempo da actividade: Máis de 75 horas <input type="checkbox"/> Entre 51 e 75 horas <input type="checkbox"/><br>Entre 25 e 50 horas <input type="checkbox"/> Menos de 25 horas <input type="checkbox"/> |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

|                       |
|-----------------------|
| Lugar de realización: |
|-----------------------|

|                     |  |
|---------------------|--|
| Horarios do curso   |  |
| Material a utilizar |  |

## A cubrir pola administración

|                                                                                                                                               |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Tipo de actividade: Formación <input type="checkbox"/> Promoción persoal <input type="checkbox"/> Outras actividades <input type="checkbox"/> |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

## Detalle do orzamento estimativo de gastos e ingresos

| Concepto Gastos | Importe |
|-----------------|---------|
|                 |         |
|                 |         |
|                 |         |
|                 |         |
| Total gastos    |         |

| Concepto ingresos | Importe |
|-------------------|---------|
|                   |         |
|                   |         |
|                   |         |
|                   |         |
|                   |         |
| Total ingresos    |         |

**Páxina III****Declaración expresa responsable**

Don/dona \_\_\_\_\_ NIF \_\_\_\_\_

en calidade de presidente/a ou representante legal da entidade

\_\_\_\_\_

en relación coa solicitude para tomar parte no procedemento para a concesión de axudas do Concello de Redondela para a realización de actividades ano 2013

**DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE**

Que a entidade que represento non se atopa incurso en ningunha das circunstancias nin prohibicións a que se refire e enumera o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo que non existe obstáculo que impida que poida resultar beneficiaria das axudas convocadas.

Que esta entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda estatal, coa Facenda autonómica, coa Facenda municipal e coa Seguridade Social, o cal asino en cumprimento da letra e) do apartado 2º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que a entidade ten debidamente xustificadas as subvencións concedidas en anteriores convocatorias, ou ben ten solicitada unha prórroga debidamente xustificada e aprobada, ou ben ten spresentado unha renuncia por escrito.

E para que así conste, para os efectos oportunos, asina a/o presidente/a da entidade ou representante legal.

Redondela, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2013

Asdo.: (Presidenta/e ou representante legal da entidade)

## Páxina IV

## Declaración doutras axudas

Don/dona \_\_\_\_\_ NIF \_\_\_\_\_  
en calidade de presidente/a ou representante legal da entidade \_\_\_\_\_

solicitante das axudas do Concello de Redondela para actividades 2013 en relación a outras axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes,

## Axudas concedidas:

- ☐ Non se me concedeu ningunha outra axuda para esta mesma finalidade  
☐ Si, se me concedeu axuda para esta mesma finalidade

| Entidade que concede a axuda | Importe |
|------------------------------|---------|
|                              |         |
|                              |         |
|                              |         |

Deberá achegar orixinal ou fotocopia compulsada da resolución ou da comunicación desta, ou certificado órgano concedente,

## Axudas solicitadas:

- ☐ Non se me concedeu ningunha outra axuda para esta mesma finalidade  
☐ Si, se me concedeu axuda para esta mesma finalidade

| Entidade que concede a axuda | Importe |
|------------------------------|---------|
|                              |         |
|                              |         |
|                              |         |

E para que así conste, para os efectos oportunos, asina a/o presidenta/e ou representante legal da entidade

Redondela, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ 2013

## Páxina V

DESIGNACIÓN DE CONTA BANCARIA E COMUNICACIÓN DA BAIXA DE  
DATOS BANCARIOS

|                                                                                                             |                             |                                 |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------|---------------------------------|
| I. Datos do acredor (deberase achegar fotocopia do NIF ou CIF, salvo que xa se achegaran con anterioridade) |                             |                                 |
| NIF                                                                                                         | Nome ou denominación social |                                 |
| Enderezo fiscal                                                                                             |                             | Municipio                       |
| Provincia                                                                                                   | Código Postal               | Teléfono/fax/Correo electrónico |

|                              |      |
|------------------------------|------|
| II. Datos da/o representante |      |
| NIF                          | Nome |

|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |  |  |  |                 |  |  |  |    |  |                          |  |  |  |  |  |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|--|--|-----------------|--|--|--|----|--|--------------------------|--|--|--|--|--|
| III. Alta de datos bancarios                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |  |  |  |                 |  |  |  |    |  |                          |  |  |  |  |  |
| Código entidade                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |  |  |  | Código sucursal |  |  |  | DC |  | Número de conta          |  |  |  |  |  |
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |  |  |  |                 |  |  |  |    |  |                          |  |  |  |  |  |
| A CUMPLIMENTAR POLA ENTIDADE DE CRÉDITO                                                                                                                                                                                                                                                                                            |  |  |  |                 |  |  |  |    |  |                          |  |  |  |  |  |
| Certifico, a petición da persoa reflectida en "I Datos do acredor" e a efectos da domiciliación dos importes que se lle remitan dende a Tesourería do Concello de Redondela, a existencia da conta referenciada en "III Alta de datos bancarios", aberta a nome do titular que se reflicte no citado apartado "I Datos do acredor" |  |  |  |                 |  |  |  |    |  |                          |  |  |  |  |  |
| (Selo da entidade de crédito)                                                                                                                                                                                                                                                                                                      |  |  |  |                 |  |  |  |    |  | POLA ENTIDADE DE CRÉDITO |  |  |  |  |  |
| Asdo.:                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |  |  |  |                 |  |  |  |    |  |                          |  |  |  |  |  |

|                              |  |  |  |                 |  |  |  |    |  |                 |  |  |  |  |  |
|------------------------------|--|--|--|-----------------|--|--|--|----|--|-----------------|--|--|--|--|--|
| IV. Baixa de datos bancarios |  |  |  |                 |  |  |  |    |  |                 |  |  |  |  |  |
| Código Entidade              |  |  |  | Código Sucursal |  |  |  | DC |  | Número de Conta |  |  |  |  |  |
|                              |  |  |  |                 |  |  |  |    |  |                 |  |  |  |  |  |

Redondela, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2013  
(Sinatura da/o acredor ou representante)

Asdo.: \_\_\_\_\_

## Páxina VI

## Xustificación da subvención para actividades ano 2013

|                                              |  |
|----------------------------------------------|--|
| <b>Entidade</b>                              |  |
| CIF                                          |  |
| Enderezo Fiscal (Lugar, núm., parroquia, CP) |  |
| Teléfono                                     |  |
| Fax                                          |  |
| Email                                        |  |

|                                       |  |
|---------------------------------------|--|
| <b>Representante legal</b>            |  |
| NIF                                   |  |
| Enderezo (Lugar, núm., parroquia, CP) |  |
| Teléfono do representante             |  |

## EXPÓN:

Que no ano 2013 obtivo unha subvención do Concello de Redondela polo importe de \_\_\_\_\_ euros, para a actividade \_\_\_\_\_.

Que a entidade cumpriu con todas as obrigas da base 11 das subvencións.

## SOLICITA:

Que conforme ás Bases reguladoras para a concesión de subvencións para actividades 2013 lle sexa satisfeita a axuda a fin de sufragar o gasto da actividade.

## Documentación que presenta:

Presenta a seguinte documentación:

- 1.- Modelo de solicitude de xustificación (páxina VI)
- 2.- Declaración doutras axudas (páxina VII)
- 3.- Declaracións responsables (páxina VIII)
- 4.- Memoria da/s actividade/s realizada/s (IX)
- 5.- Factura/s ou nóminas (orixinais ou compulsadas), acreditativas dos gastos realizados e xustificantes do pagamento. No caso de que se presenten fotocopias compulsadas deberá presentar as facturas ou nóminas orixinais para que conste nelas carimbo do Concello no que se indique que estas foron utilizadas para xustificar unha subvención do Concello.

Redondela, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2013

Asdo.: (Presidente/a ou representante legal da entidade)

**Páxina VII**

## Declaración doutras Axudas para a Xustificación

Don/dona \_\_\_\_\_ NIF \_\_\_\_\_  
presidenta/e ou representante legal da entidade

solicitante das axudas para actividades ano 2013 do Concello de Redondela e en relación a outras axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administración públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes,

DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

Axudas concedidas:

- ☐ Non se me concedeu ningunha outra axuda para esta mesma finalidade
- ☐ Si se me concedeu axuda para esta mesma finalidade

| Entidade que concede a axuda | Importe para o ano 2013 |
|------------------------------|-------------------------|
|                              |                         |
|                              |                         |
|                              |                         |

E para que así conste, para os efectos oportunos, asina o/a presidente/a ou representante legal da entidade.

Redondela, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2013

## Páxina VIII

## Declaracións responsables

|          |  |
|----------|--|
| Entidade |  |
| CIF      |  |

|                                      |  |
|--------------------------------------|--|
| Representante                        |  |
| NIF                                  |  |
| Enderezo (Lugar, núm. parroquia, CP) |  |
| Teléfono – fax                       |  |
| Email                                |  |

## DECLARACIÓN:

DECLARO RESPONSABLEMENTE que nin o asinante da declaración, nin a entidade á que respresento, nin ningún dos seus administradores ou representantes, atópanse incursos en suposto ningún aos que se refire o artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións Públicas.

DECLARO RESPONSABLEMENTE que non forma parte dos órganos de goberno ou administación da entidade ningún/ha membro que se atope nos supostos recollidos na Lei 53/1984 de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administacións Públicas ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral Xeral, nos termos que a propia lei establece.

DECLARO RESPONSABLEMENTE que a entidade atópase ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda estatal, coa Facenda autonómica, coa Recadación Municipal e coa Seguridade Social.

DECLARO RESPONSABLEMENTE que a entidade atópase inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co número \_\_\_\_\_, e que as circunstancias da entidade que nel figuran respecto dos requisitos esixidos para as subvencións do Concello de Redondela son exactas e non experimentaron variación.

DECLARO RESPONSABLEMENTE que en cumprimento do artigo 25 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, non ter incumplida ningunha obriga ppor reintegro de subvencións.

AUTORIZO ao órgano que xestione a subvención a recabar os datos que obren en poder da administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

Redondela, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2013

Asdo.:

## Páxina IX

Xustificación: Memoria

Cubrirase unha por cada actividade subvencionada

|                            |  |
|----------------------------|--|
| Entidade                   |  |
| Denominación da actividade |  |
| Obxectivos da actividade   |  |

|                                     |  |
|-------------------------------------|--|
| Número de participantes:            |  |
| Lugar onde se impartiu a actividade |  |
| Duración da actividade (horas):     |  |
| Horario:                            |  |
| Materiais empregados:               |  |

A cubrir pola administración

|                                                        |                                            |                                             |
|--------------------------------------------------------|--------------------------------------------|---------------------------------------------|
| Tipo de actividade: Formación <input type="checkbox"/> | Promoción persoal <input type="checkbox"/> | Outras actividades <input type="checkbox"/> |
|--------------------------------------------------------|--------------------------------------------|---------------------------------------------|

|                           |  |   |                            |  |   |
|---------------------------|--|---|----------------------------|--|---|
| Gastos totais previstos   |  | € | Gastos totais realizados   |  | € |
| Ingresos totais previstos |  | € | Ingresos totais percibidos |  | € |

|                                                                   |  |
|-------------------------------------------------------------------|--|
| Variacións respecto ao proxecto inicial (cubrir se se realizaron) |  |
|-------------------------------------------------------------------|--|

Redondela, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2013

Asdo.: (Presidenta/e ou representante da entidade)

**A N U N C I O**

De conformidade co disposto nos artigos 59.5 e 61 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, intentada notificación persoal nos seus respectivos domicilios aos seguintes interesados, sen que fora posible practicala, cítaselles para que, no prazo de 10 días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio, retiren a notificación obrante nos expedientes de reclamación de taxas xudiciais que seguen, advertíndolle que transcorrido o dito prazo, a notificación entenderese producida:

| <i>EXP.</i> | <i>INTERESADO</i>              | <i>PROCEDEMENTO DE ORIXE</i>         |
|-------------|--------------------------------|--------------------------------------|
| 1.1         | GUEZANA SOTO LILA              | P.A.43/2012 exec. definitiva 17/2012 |
| 5.4         | JUAN JOSE FIGUEIREDO FERNANDEZ | R. APELACIÓN 4506/2007               |
| 5.1         | JUAN JOSE FIGUEIREDO FERNANDEZ | R. APELACIÓN 4460/2009               |

Indicándo tamén que o texto íntegro do acto que se lles notifica se encontra á súa disposición, durante o mesmo prazo, para consulta e coñecemento, nas dependencias da secretaría do Concello de Redondela, situado na rúa Alfonso XII, 2, en horario de 9.00 a 14.00 horas.

Redondela, a 4 de xuño de 2013.—O Alcalde, Javier Bas Corugeira.

**2013005899**

\* \* \*

**T U I****E D I C T O**

O Pleno do Concello de Tui, en sesión celebrada o 30 de maio de 2013 acordou aprobar definitivamente a MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE VENDA AMBULANTE DO CONCELLO DE TUI tras a resolución das alegacións e reclamacións presentadas, así como proceder á publicación do seu texto íntegro de conformidade co disposto no art. 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

**REGULAMENTO MUNICIPAL DE VENDA AMBULANTE****CAPÍTULO I****DISPOSICIÓN XERAIS****ARTIGO 1**

1.—O presente Regulamento ten por obxecto a regulación do exercicio da venda ambulante no termo municipal de Tui.

2.—Considérase venda ambulante ou no sedentaria a exercida por comerciantes fóra de establecemento comercial permanente, de forma habitual, ocasional, periódica ou continuada, na vía pública, perímetros e lugares debidamente autorizados, mediante instalacións comerciais desmontables ou transportables, incluíndo os camiós- tenda.

3.—Modalidades de venda. En tódolos casos, a venda ambulante efectuarase a través dalgunha das seguintes modalidades:

- Venda ambulante en mercados periódicos: son aqueles situados en poboacións, en espazos determinados e cunha periodicidade habitual establecida.
- Venda ambulante en enclaves illados da vía pública, en postos de carácter ocasional autorizados unicamente durante a temporada propia do produto autorizado.

c) Venda ambulante en mercados ocasionais: son aqueles que se celebran de maneira non periódica en razón a festas ou acontecementos populares.

d) Venda ambulante en camións-tenda con carácter itinerante nos lugares e cos itinerarios que se autoricen polo Concello.

4.—Suxeitos da venda. A venda ambulante poderá ser exercida por toda persoa física ou xurídica legalmente constituída que se dedique profesionalmente á actividade de comercio polo miúdo e reúna os requisitos establecidos no presente Regulamento e demais normativa que fose de aplicación.

5.—A venda ambulante rexerase ademais do disposto no presente Regulamento, polo establecido na Lei 13/2010, de 17 de decembro, de Comercio Interior de Galicia, e polas normas sectoriais reguladoras da venda e comercialización de cada produto en concreto, en especial os regulamentos técnico sanitarios aplicables á produción e comercialización de cada produto.

#### *ARTIGO 2*

1.—Para o exercicio da venda ambulante será indispensable dispoñer da autorización para a instalación e utilización dos postos para a finalidade que se lles asigne e cos límites e contidos que se fixen na mesma e neste Regulamento.

2.—A instalación de postos non autorizados previamente dará lugar, previos os requisitos legais que procedan, á retirada do posto de venda ambulante e o depósito dos produtos nas dependencias da Policía Municipal, podendo retirarse logo do aboamento dos correspondentes gastos de traslado.

### **CAPÍTULO II COMPETENCIAS**

#### *ARTIGO 3*

Son órganos competentes: O pleno da Corporación e a Alcaldía.

Corresponderá ó Pleno:

- a) A modificación ou derogación deste regulamento e a interpretación deste, co cumprimento dos requisitos e trámites legais establecidos.
- b) A fixación do lugar ou lugares destinados ó mercado ambulante.

Será competencia da Alcaldía:

- a) Fixar o número de postos e superficie destes.
- b) O outorgamento da autorización para a utilización dos postos.
- c) A inspección do cumprimento das autorizacións.
- d) A execución do previsto neste Regulamento o os acordos Plenarios adoptados.
- e) Todas aquelas atribucións que non sexan competencia do Pleno

#### *ARTIGO 4*

A Policía Local colaborará e realizará aquelas misións na forma que se dispoña en cada intre pola Alcaldía.

### **CAPÍTULO III RÉXIME E POLICÍA DA VENDA**

#### **ARTIGO 5**

Fóra do recinto destinado á venda ambulante non se permitirá a mesma, agás naqueles supostos que, de forma temporal e provisional, acorde conceder o Alcalde da Corporación, que o fará en cada caso de forma debidamente xustificada, non podendo conceder autorización nun lugar que previamente lle foi denegado a outra persoa.

#### **ARTIGO 6**

Para a venda de produtos alimenticios, será indispensable, en todo caso, posuí-lo carné de manipulador de alimentos, actualizado.

#### **ARTIGO 7**

A venda realizarase en postos ou instalacións desmontables, ou en vehículos-tenda, que ofrezan as condicións de seguridade e hixiene esixidas pola normativa específica vixente, e non se poderán situar en accesos a lugares comerciais ou os seus escaparates e edificios de uso público.

#### **ARTIGO 8**

1. — A venda ambulante só poderá exercerse tódolos xoves de cada mes, incluso os que coincidan con días festivos.

2. — Horario de montaxe e desmonte. O horario establecido comprenderá, aproximadamente dende as 08:00 ata as 15:00 horas, no que se procederá á súa retirada. O montaxe dos postos deberá efectuarse entre as 8:00 e as 9.00 horas, quedando prohibida a entrada de calquera vehículo no recinto do mercado a partir desta hora salvo días de temporal ou forza maior. Asemade, e unha vez rematado o desmonte dos postos o titular de cada posto deberá deixar libre de lixo o espazo ocupado.

### **CAPÍTULO IV REQUISITOS PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE**

#### **ARTIGO 9**

1. — Para o exercicio da venda ambulante será requisito previo estar provisto da correspondente autorización municipal, que poderá revogarse polo Concello polo incumprimento dos requisitos esixidos na ordenanza reguladora e nas normativas aplicables ó respecto.

2. — A autorización revogarase, sen indemnización nin compensación ningunha, nos seguintes casos:

- a) Venda de produtos non autorizados.
- b) Discusión ou altercado con outros vendedores ou consumidores, con perturbación da orde cidadá.
- c) Ofensas de palabra ou de obra ás persoas que leven a cabo as tarefas de inspección ou control.
- d) Transferencia ou transmisibilidade de autorización, agás nos casos excepcionais permitidos.
- e) Reincidencia na ocupación dunha superficie superior á asignada.
- f) Ocupación dun posto distinto ó asignado.
- g) A non ocupación do posto asignado durante un período de dous meses sen causa que o xustifique.
- h) Falta de pagamento dos tributos municipais correspondentes.
- i) Non manter limpo o espazo asignado.

**ARTIGO 10**

Concederanse tantas autorizacións como postos haxa na superficie destinada ó exercicio da venda ambulante, e o número de autorizacións quedará supeditado ó número de metros dispoñibles en tales espazos.

**ARTIGO 11**

As autorizacións para o exercicio da venda ambulante outorgaranse mediante Resolución de Alcaldía, ás persoas ou empresas que reúnan, como mínimo, os seguintes requisitos:

- a) Estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e, no seu caso, do imposto de actividades económicas.
- b) Cumprir cos requisitos da regulamentacións de cada tipo de produtos.
- c) Estar en posesión, no seu caso, do certificado acreditativo de ter recibido formación en materia de manipulación de alimentos.
- d) Satisfacer as taxas e tributos fixados na correspondente ordenanza municipal.
- e) Dispoñer dos permisos de residencia e traballo que, en cada caso, fosen esixibles, se se tratase de persoas estranxeiras.
- f) As persoas xurídicas deberán acreditar os seguintes extremos: o CIF, acta de constitución, estatutos e escrituras de poder outorgada á persoa
- g) Dispoñer de seguro de responsabilidade civil.

2.—As solicitudes presentaranse no modelo normalizado aprobado polo Concello, no que constarán os seguintes datos:

- a) Nome e apelidos, domicilio ós efectos de notificación cando non coincida co habitual, número do Documento Nacional de Identidade e letra de Identificación Fiscal ( N.I.F.), ou do Pasaporte en vigor, no seu caso. Os mesmos datos faranse constar cando a solicitude sexa formulada por representante autorizado.
- b) Nome, apelidos, DNI e parentesco da persoa que, no seu caso, actuaría como suplente nos casos permitidos no presente Regulamento
- c) Tempo polo que se solicita a autorización.
- d) Emprazamento no que se pretende exercer a actividade.
- e) Mercancías ou artigos que pretende sexan obxecto da venda.
- f) Dimensións do espazo de ocupación que pretende, indicando, a estes efectos, se a venda se realizará en posto desmontable ou dende vehículo ou furgón.
- g) No caso de que a autorización sexa solicitada por persoa xurídica, esta fará constar na solicitude a persoa física que vai exercita-la actividade, sinalando os datos establecidos no apartado.

3.—Unha vez recibida a comunicación favorable á solicitude de autorización, para obter a mesma, deberá presentar, no prazo de 15 días hábiles, a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI e da tarxeta do NIF. No caso de que o solicitante sexa estranxeiro, deberá acompañar fotocopia do Pasaporte e do permiso de residencia e de traballo, ou da tarxeta de residencia, en vigor, segundo sexa non comunitario ou comunitario.
- b) Alta no epígrafe correspondente do Imposto de Actividades Económicas, e certificado de atoparse ó corrente no pago da correspondente cota ou cotas.
- c) Fotocopia do último recibo do Seguro Autónomo orixinal ou alta no mesmo.
- d) Fotocopia do último recibo da taxa municipal ou certificado de estar ó corrente do pago de dita taxa.
- e) Copia da póliza de seguro de responsabilidade civil contratado para responder de posibles danos derivados do exercicio da actividade, no seu caso.

- f) Compromiso expreso de que a persoa que vai exercer directamente a actividade será o titular da autorización, actuando exclusivamente por conta e en nome propio, así como a declaración expresa de coñecer e cumprir as normas ás que debe axustarse a actividade no caso de ser autorizada.
- g) Se a autorización afecta á venda de produtos alimenticios, deberá acompañar fotocopia do carné de manipulador de alimentos en vigor.
- h) Certificado acreditativo do correcto funcionamento da maquinaria e instalacións que pretenda utilizar, así como do seguro de responsabilidade civil que garante a cobertura de calquera clase de risco. .
- i) Unha fotografía actual do solicitante tamaño carné.

De non presentarse toda a documentación sinalada no prazo concedido, o solicitante disporá dunha prórroga por igual período para emendar os defectos, considerándoo desistido da mesma no caso de non levalo a cabo.

4.—No caso dun posto xa autorizado en períodos anteriores, non será necesario presentar a documentación esixida nos apartados anteriores; debendo achegar unicamente o sinalado nos apartados b), c), d) e e ) do art. 11.3.

#### **ARTIGO 12**

1.—As autorizacións terán unha vixencia dun ano natural, prorrogable por períodos de igual duración, sendo o prazo para a presentación da documentación correspondente á renovación, dende o 1 de novembro ata o 10 de xaneiro de cada ano. Transcorrido o devandito prazo sen que se tivera presentado a nova documentación, entenderase sen efecto a autorización.

2.—As autorizacións poderán concederse tanto a persoas físicas como a xurídicas, sexa sociedades mercantís ou cooperativas, e serán transferibles a outras persoas físicas ou xurídicas, que cumpran os requisitos establecidos no artigo 11 do presente Regulamento, previa comunicación á Administración local. A transmisión dunha autorización non afectará ó seu período de vixencia, que se manterá polo tempo que reste ata a finalización do prazo de duración.

Asemade, nos casos de enfermidade do titular suficientemente acreditada, ou causa debidamente xustificada a petición deste, a Administración, valorada a circunstancia, poderá autorizar o exercicio da venda obxecto da autorización ó cónxuxe, irmáns, ascendentes ou descendentes directos do titular, en tanto dure a situación que orixina a suplencia, e sempre que reúnan os requisitos esixidos e cumpran as condicións establecidas no presente Regulamento.

Igualmente, poderase utilizar, para facilitar o disfrute de vacacións do titular, que en ningún caso poderá exceder dun mes ó ano natural, a suplencia polo cónxuxe, irmáns, ascendentes ou descendentes directos do titular, ou ben a entrega do permiso á Administración durante dito período de vacacións para que esta poida facer uso do espazo para conceder permisos provisionais. En ambos casos deberá o titular abonar a taxa correspondente e manter a súa situación de alta en Licenza Fiscal.

A solicitude de cambio de titularidade, sempre que estea contemplada nos casos sinalados, será levada a cabo no modelo normalizado aprobado polo Concello, e seguirá a mesma tramitación que as solicitudes de autorización.

#### **ARTIGO 13**

Obrigas dos titulares das autorizacións: Durante o período que dure a autorización deberán cumprirlos requisitos sinalados no artigo 11 e ademais as seguintes:

- a) Exerce-la actividade ou vender exclusivamente os produtos ou xéneros para os que foron autorizados.
- b) Observa-las normas sanitarias que establezan as disposicións vixentes así como as referentes ás pesas, medidas e as de disciplina de mercado ou comercialización. Mante-las instalacións, postos e demais elementos de venda nas debidas condicións de seguridade, hixiene, conservación e

limpeza. Ó remate da xornada comercial deberán recoller tódolos desperdicios e embalaxes, debidamente atados e depositados nos contedores para facilita-la ulterior tarefa de recollida de lixo. Igualmente deberán repara-los desperfectos ocasionados na vía pública e instalacións como consecuencia do desenvolvemento da actividade para a que dispoñen de autorización.

- c) Ter expostos os seus datos de identificación e domicilio de modo que resulten facilmente visibles para o público, así como o documento no que conste a correspondente autorización municipal, xunto cunha dirección para a recepción de posibles reclamacións. Deberán dispor dunha tarxeta de identificación coa foto do titular da autorización, se esta fose persoal, ou da persoa habilitada para o exercicio da actividade, no caso de que fose unha empresa. A estes efectos, coa solicitude deberanse presentar tres fotos tamaño carné. Os titulares da autorización ou as persoas habilitadas deberán exhibir ante os axentes da Policía Local e os inspectores de renda municipais a referida tarxeta de identificación cando se lle solicite, así como os xustificantes do cumprimento das condicións para o mantemento da autorización. No caso de venda ambulante mediante camións o vehículos- tenda, ou de postos desmontables cubertos, a identificación e domicilio do comerciante deberá figurar tamén nas portas ou bandas laterais daqueles, e coas dimensións e caracteres necesarios para que resulten perfectamente visibles para o público.
- d) Efectúa-lo pago da taxa dentro do 1 ó 15 (en período voluntario) do primeiro mes de cada trimestre do ano natural, transcorrido o mesmo, incorrerase no recargo de prema e xuros de demora correspondentes

**ARTIGO 14**

As autorizacións extinguiranse pola expiración do seu prazo e polas causas de revogación sinalados no artigo 9.

**CAPÍTULO V  
RÉXIME SANCIONADOR****ARTIGO 15**

Infraccións: Constitúen infraccións as condutas tipificadas no presente artigo. O incumprimento das normas establecidas no presente Regulamento, así como as determinadas na normativa reguladora da defensa dos consumidores e usuarios e demais normativa de aplicación dará lugar á incoación do correspondente procedemento sancionador. As faltas clasificaranse en leves, graves e moi graves:

- a) Serán faltas leves:
  - Producir ruídos, berros ou música que incumpran a normativa de ruídos municipal.
  - A falta de ornato ou limpeza das instalacións e na zona do posto.
  - Aumentar a superficie do posto con mais metros autorizados, ou no gardar a distancia establecida entre postos.
  - Non deixar limpo ou recollido o lugar onde estivo instalado.
- b) Serán faltas graves:
  - A reiteración por dúas veces de faltas leves no período de tres meses.
  - A venda de produtos distintos ós autorizados na licenza.
  - A desobediencia a atende-las normas de orde e indicacións da Policía Municipal.
- c) Serán faltas moi graves:
  - A reiteración por dúas veces de faltas graves no período de tres meses.
  - Non estar inscrito no Imposto de Actividades Económicas ou non estar ó día no pagamento das obrigas tributarias respecto da actividade que se exerza.
  - Non estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social.
  - A venda de produtos non autorizados pola licenza.

- A venda de produtos en mal estado tal que poidan causar dano á saúde.
- O exercicio da actividade por persoa diferente da autorizada ou do seu suplente.
- A instalación de postos sen licenza.
- A venda de produtos non autorizados.

**ARTIGO 16**

Sancións: As sancións aplicables serán as seguintes:

A. Faltas leves: multas de 30 a 750 euros.

B. Faltas graves:

1. multas de 750 a 1500 euros.
2. Suspensión temporal da autorización de 15 a 30 días hábiles.

C. Faltas moi graves:

1. Multas de 1501 a 3000 euros.
2. Revogación da licenza, mesmo coa posibilidade de retirada dos produtos nos caso de vendas non autorizadas.

**ARTIGO 17**

Corresponderalle ó Alcalde a imposición de multas e demais sancións.

**ARTIGO 18**

Para a determinación das infraccións e a imposición das sancións previstas neste Regulamento será de aplicación o procedemento administrativo sancionador regulado polo Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora con carácter xeral; a Lei 30/1992 de 26 de novembro, reguladora do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, e demais normas concordantes.

**DISPOSICIÓN TRANSITORIAS**

*Primeira:* Se en calquera intre o Concello decidira o traslado a un novo emprazamento do mercado ambulante, non terán dereito os titulares dos postos a esixir indemnización ningunha polo cambio de ubicación do referido mercado. No devandito caso, a Corporación, logo do sorteo entre os titulares, adxudicará os postos do novo emprazamento polo tempo que falte para o remate do prazo da autorización.

*Segunda:* O mercado de Tui manterase na súa forma actual, polo seu carácter tradicional, remontándose as súas orixes ó século XVII, sen prexuízo das reformas ou modificacións que esixa o interese público.

*Terceira:* Serán respectados os dereitos nacidos ó abeiro de autorizacións en vigor, sen prexuízo de proceder á súa adaptación ó presente Regulamento ó efectuar as renovacións periódicas dos permisos municipais.

**DISPOSICIÓN DEROGATORIA**

A presente modificación entrará en vigor ós quince días hábiles da publicación do texto definitivo, segundo os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

**DISPOSICIÓN FINAL**

O presente Regulamento interpretarase polo Concello á vista do disposto nas súas disposicións, nas que figuran na Ordenanza fiscal correspondente e as vixentes en materia de regulación de venda ambulante.

**SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN POSTO DE VENDA AMBULANTE**

DON/A \_\_\_\_\_  
En representación de \_\_\_\_\_  
con N.I.F ou pasaporte número \_\_\_\_\_, con enderezo a efectos de notificación  
na localidade de \_\_\_\_\_, rúa/lugar \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_ n.º \_\_\_\_\_, Teléfono \_\_\_\_\_, a V.I.

**SOLICITA:**

Autorización para a instalación dun posto de venda ambulante, indicándose para elo o seguinte:

a) .- No caso de que actuara algunha persoa como suplente, segundo o permitido polo Regulamento, deberán consignarse os seus datos:

|                     |             |
|---------------------|-------------|
| NOME E APELIDOS:    |             |
| D.N.I. ou pasaporte | PARENTESCO: |

b).- Período polo que solicita a autorización \_\_\_\_\_ meses

c).- Emprazamento onde pretende insta-la posto \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

d).- Mercancías ou artigos que vende: \_\_\_\_\_

e).- Dimensións do posto \_\_\_\_\_, indicar, segundo o caso:

|                          |                          |
|--------------------------|--------------------------|
| <input type="checkbox"/> | Posto desmontable        |
| <input type="checkbox"/> | Dende vehículo ou furgón |

f).- No caso de que o solicitante sexa unha persoa xurídica, indica-los datos da persoa física que vai exercer-la actividade:

|                     |           |
|---------------------|-----------|
| NOME E APELIDOS:    |           |
| D.N.I. ou pasaporte | Teléfono: |
| ENDEREZO:           |           |

Tui, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

ILMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE TUI

**COMUNICACIÓN SOBRE SOLICITUDE DE POSTO DE VENDA AMBULANTE**

Recibida neste Concello petición formulada por Vostede en relación á autorización para instalación dun posto de venda ambulante, comunicáselle que co fin de obte-la mesma, deberá presentar, no prazo de 15 días hábiles, a seguinte documentación:

- ☐ Fotocopia do DNI e da tarxeta do NIF. No caso de que o solicitante sexa estranxeiro, deberá acompañar fotocopia do Pasaporte e do permiso de residencia e de traballo, ou da tarxeta de residencia, en vigor, segundo sexa non comunitario ou comunitario.
- ☐ Alta no epígrafe correspondente do Imposto de Actividades Económicas e certificado de atoparse ó corrente no pago da cota ou cotas.
- ☐ Fotocopia do último recibo do Seguro Autónomo orixinal ou alta no mesmo.
- ☐ Fotocopia do último recibo da taxa municipal ou certificado de estar ó corrente do pago de dita taxa.
- ☐ Copia da póliza de seguro de responsabilidade civil contratado para responder de posibles danos derivados do exercicio da actividade, no seu caso
- ☐ Compromiso expreso de que a persoa que vai exercer directamente a actividade será o titular da autorización, actuando exclusivamente por conta e en nome propio, así como a declaración expresa de coñecer e cumpri-las normas ás que debe axustarse a actividade no caso de ser autorizada.
- ☐ Se a autorización afecta á venda de produtos alimenticios, deberá acompañar fotocopia do carné de manipulador de alimentos en vigor.
- ☐ Certificado acreditativo do correcto funcionamento da maquinaria e instalacións que pretenda utilizar, así como do seguro de responsabilidade civil que garante a cobertura de calquera clase de risco
- ☐ Unha fotografía actual do solicitante tamaño carné.

Faise constar, que de non presenta-la documentación sinalada no prazo concedido, o solicitante disporá dunha prórroga por igual período para subsana-los defectos, considerándoo desistido da mesma no caso de non levalo a cabo.

En Tui, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_  
O ALCALDE

SR/A. DON/A \_\_\_\_\_

**VILABOA****A N U N C I O**

Aprobada definitivamente a ordenanza reguladora do prezo público por participación en actividades e actuacións de carácter social, cultural e deportivo organizadas polo Concello de Vilaboa, de conformidade co establecido no artigo 70 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, procédese á publicación do seu texto íntegro.

**ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES  
E ACTUACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL, CULTURAL E DEPORTIVO ORGANIZADAS  
POLO CONCELLO DE VILABOA (PONTEVEDRA)**

**ARTIGO 1º. FUNDAMENTO E NATUREZA**

No uso das facultades concedidas polo artigo 106.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e artigo 127 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e de conformidade co disposto nos artigos 41 a 47, ambos inclusive, do R.D.L. 2/2004, establécese o PREZO PÚBLICO POR PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES E ACTUACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL, CULTURAL E DEPORTIVO ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE VILABOA.

**ARTIGO 2º. CONCEPTO**

Os prezos públicos que se puideran establecer conforme ó artigo 4 constitúen prestacións patrimoniais de carácter público que serán satisfeitas polos usuarios (nos casos de que previamente se teña establecido un prezo público para a actividade concreta de que se trate), que voluntariamente soliciten a realización de actividades de carácter cultural, deportivo ou sociais, ou ben a prestación de servizos ou asistencia a espectáculos ou representacións de carácter cultural, deportivo ou social organizadas polo Concello de Vilaboa, tales como talleres, cursiños, seminarios, excursións e demais de natureza análoga, sempre que as mesmas non sexan de solicitude ou recepción obrigatoria polos usuarios e non estean reservadas á entidade local.

**ARTIGO 3º. OBRIGADOS Ó PAGO**

Están obrigados ó pago do prezo público establecido nesta Ordenanza os usuarios/beneficiarios dos servizos ou actividades prestadas por este Concello a que se refire o artigo anterior.

**ARTIGO 4º. ESTABLECEMENTO E CONTÍA**

1.—O establecemento e contía do prezo público regulado nesta Ordenanza será o que fixe en cada caso a Xunta de Goberno Local por delegación do Pleno da Corporación, de conformidade co disposto no artigo 47.1 do R.D.L. 2/2004 e artigo 23.2 b) da Lei 7/85.

2.—A estos efectos, con carácter previo ó inicio das actividades, a Xunta de Goberno Local, en base ós informes previos do concelleiro delegado, nos que deberá constar o custo total das actividades a realizar e o número estimado de participantes establecerá, previo informe da intervención municipal, o prezo concreto para cada actividade, que conforme o artigo 44.1 do R.D.L. 2/2004, deberán cubrir como mínimo o coste do servizo prestado ou da actividade a realizar. Non obstante o anterior, conforme ó disposto no artigo 44.2 do R.D.L. 2/2004, cando exista razóns sociais, benéficas, culturais ou de interés público que así o aconsellen, a Xunta de Goberno Local poderá fixar prezos por debaixo do límite previsto no apartado anterior. Nestos supostos deberán consignarse nos presupostos da Entidade as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante se a houbera.

3.—Acordados os prezos de cada servizo ou actividade, o acordo será exposto no Taboleiro de Anuncios do Concello a efectos da súa publicidade.

4.—Con motivo de fomentar a participación de determinados colectivos en actividades deportivas, musicais, teatrais, etc., a Xunta de Goberno Local, previos os informes xustificativos dos servizos correspondentes, poderá establecer prezos por debaixo do custe do servizo, para o cal deberá terse en conta o establecido no artigo 4.2, parágrafo segundo, desta Ordenanza.

**ARTIGO 5º. NORMAS DE XESTIÓN**

1.—A obrigación do pago do prezo público regulado nesta Ordenanza nace dende que se preste o servizo ou se inicie a realización das actividades, se ben poderá esixirse o depósito previo conforme ó disposto no artigo 46.1 do R.D.L. 2/2004.

A adquisición de entradas para a asistencia a representacións organizadas polo concello realizarase na forma e lugares que se determinen para cada actuación.

2.—A estos efectos, o obrigado deberá facer a pertinente declaración a fin de que se lle practique a correspondente autoliquidación, conforme ó disposto no artigo 45 do R.D.L. 2/2004, debendo ingresar o importe do prezo público nas entidades bancarias colaboradoras deste Concello, e sempre antes de do inicio da prestación dos servizos ou actividades.

3.—Conforme ó disposto no artigo 46.2 do R.D.L. 2/2004 cando por causas non imputables ó obrigado o pago do prezo, o servizo ou a actividade non se preste, procederá a devolución do importe correspondente.

**DISPOSICIÓN ÚLTIMA**

A presente Ordenanza, unha vez aprobada definitivamente, será publicada íntegramente no Boletín Oficial da Provincia e comenará a aplicarse unha vez transcurra o prazo previsto no artigo 49 e 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, e manterase en vigor mentres non se acorde a súa derogación ou modificación expresa.

Vilaboa, a 17 de xuño de 2013.—O Alcalde, José Luis Poceiro Martínez.

**2013005931**

## **ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA**

### **JUZGADOS DE PRIMERA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN**

#### **De Vigo**

#### **E D I C T O**

Doña Marta Gutiérrez Fidalgo, Secretaria del Juzgado de Instrucción número cinco de Vigo.

Doy fe y testimonio de que en los autos de juicio de faltas número 6738/2012 ha recaído sentencia cuyo encabezado y parte dispositiva son del siguiente tenor.

“En Vigo, a veintiséis de febrero de dos mil trece.—Vistos por doña María Jesús Fernández Paz, Magistrada Juez del Juzgado de Instrucción número cinco, los presentes autos de juicio de faltas 6738/2012, sobre malos tratos en el que fueron partes además del Ministerio Fiscal, como denunciante Federico Prieto Melón, como perjudicado Transito Vivas Veloso y como denunciado Alberto Prieto Vivas.

(Siguen antecedentes de hecho, hechos probados y fundamentos de derecho).

Fallo: Que debo absolver como absuelvo a Alberto Prieto Vivas de las faltas de malos tratos que se le imputan en autos, con declaración de las costas de oficio. La presente resolución no es firme y contra la misma cabe interponer recurso de apelación en ambos efectos en este Juzgado para ante la Ilma. Audiencia Provincial de Pontevedra en el plazo de cinco días desde su notificación.

Así por esta mi sentencia, lo pronuncio, mando y firmo.

Publicación: Dada, leída y publicada fue la anterior sentencia por el mismo Juez que la dictó, estando celebrando audiencia pública en vigo en el día de la fecha, de lo que y o el Secretario doy fe”

Y para que así conste y con su publicación en el Boletín Oficial de la provincia, sirva de notificación a Alberto Prieto Vivas, expido la presente en Vigo, a siete de junio de dos mil trece.—La Secretaria Judicial, Marta Gutiérrez Fidalgo.

**2013005874**

**E D I C T O**

Yo, doña María Gutiérrez Fidalgo, Secretaria del Juzgado de Instrucción número cinco de Vigo.

Doy fe y testimonio: Que en los autos de juicio de faltas 4406/2012, seguidos en este Juzgado se ha dictado la presente sentencia, que en su encabezamiento y parte dispositiva dice:

Vistos por doña María Jesús Fernández Paz, Magistrada Juez del Juzgado de Instrucción número cinco, los presentes autos de juicio de faltas 1456/2012 sobre malos tratos, en el que fueron partes además del Ministerio Fiscal, como denunciante Sandra de Jesús Morales, como perjudicada Daniela Morales Rodríguez y como denunciada María José Iglesias Cañedo en su calidad de Directora del Colegio Hernán Cortés.

Fallo: Que debo absolver como absuelvo a María José Iglesias Cañedo en su calidad de Directora del Colegio Hernán Cortés de la falta que se le imputa en autos, con declaración de las costas de oficio.

Y para que conste y sirva de notificación de sentencia a actualmente en paradero desconocido, y su publicación en el Boletín Oficial de Pontevedra, expido la presente en Vigo, a veinte de mayo de dos mil trece. — La Secretaria Judicial, María Gutiérrez Fidalgo. **2013005875**

**JUZGADOS DE LO SOCIAL****De Pontevedra****E D I C T O**

Doña María Remedios Albert Beneyto, Secretaria del Juzgado de lo Social número dos de Pontevedra.

Hago saber: Que por resolución dictada en el día de la fecha, en el proceso seguido a instancia de doña María José Suárez García contra Café Savoy, S.L., Berlver Yin, S.L., Savoipontevedra, S.L., y Fogasa en reclamación por despido, registrado con el número despido/ceses en general 193/2013 se ha acordado citar a Café Savoy, S.L., y Berlver Yin, S.L., en ignorado paradero, a fin de que comparezca en la Sala de Vistas de este Juzgado de lo Social dos, situado en Rosalía de Castro nº 5, planta 3, el día 09/10/2013 a las 11,30 horas para la celebración de los actos de conciliación y en su caso Juicio, pudiendo comparecer personalmente o mediante persona legalmente apoderada, y que deberá acudir con todos los medios de prueba de que intente valerse, con la advertencia de que es única convocatoria y que dichos actos no se suspenderán por falta injustificada de asistencia.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina Judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En caso de que pretenda comparecer al acto del juicio asistido de abogado o representante técnicamente por graduado social colegiado o representado por procurador, pondrá esta circunstancia en conocimiento del juzgado o tribunal por escrito, dentro de los dos días siguientes al de su citación para el juicio, con objeto de que, trasladada tal intención al actor, pueda éste estar representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, designar abogado en otro plazo igual o solicitar su designación a través del turno de oficio. La falta de cumplimiento de estos requisitos supone la renuncia de la parte al derecho de valerse en el acto de juicio de abogado, procurador o graduado social colegiado.

